

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13046 *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Nun contexto europeo en que a produción de residuos se atopa en continuo aumento e en que a actividade económica vinculada aos residuos alcanza cada vez maior importancia, tanto pola súa envergadura como pola súa repercusión directa na sustentabilidade do modelo económico europeo, o Sexto Programa de Acción Comunitario en Materia de Medio Ambiente exhortaba á revisión da lexislación sobre residuos, á distinción clara entre residuos e non residuos, e ao desenvolvemento de medidas relativas á prevención e xestión de residuos, incluído o establecemento de obxectivos. No mesmo sentido, a Comunicación da Comisión do 27 de maio de 2003, «Cara a unha estratexia temática para a prevención e a reciclaxe de residuos», instaba a avanzar na súa revisión.

Todo isto levou á substitución do anterior réxime xurídico comunitario de residuos e á promulgación da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas integrándoas nunha única norma («Directiva marco de residuos» en adiante). Esta nova directiva establece o marco xurídico da Unión Europea para a xestión dos residuos, e proporciona os instrumentos que permiten dissociar a relación existente entre crecemento económico e produción de residuos, facendo especial fincapé na prevención, entendida como o conxunto de medidas adoptadas antes de que un produto se converta en residuo, para reducir tanto a cantidade e contido en substancias perigosas como os impactos adversos sobre a saúde humana e o ambiente dos residuos xerados. Así, incorpora o principio de xerarquía na produción e xestión de residuos, que debe centrarse na prevención, a preparación para a reutilización, a reciclaxe ou outras formas de valorización, incluída a valorización enerxética, e aspira a transformar a Unión Europea nunha «sociedade da reciclaxe» e contribuír á loita contra o cambio climático.

A transposición desta directiva no noso ordenamento xurídico interno lévase a cabo a través desta lei, que substitúe a anteriormente vixente Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

A necesaria modificación do noso marco legislativo interno en materia de residuos, para a súa adaptación ás modificacións do dereito comunitario, é, así mesmo, unha oportunidade para actualizar e mellorar o réxime previsto na anteriormente vixente Lei 10/1998, do 21 de abril. Esta lei estableceu no seu día a primeira regulación con carácter xeral dos residuos no noso ordenamento xurídico. Nos doce anos de aplicación desta norma as administracións públicas, os produtores e os xestores de residuos adquiriron unha experiencia e formación neste campo moito maior que a existente no momento da aprobación da norma anterior e, por outra parte, a prevención, produción e xestión dos residuos, e os principios que a inspiran, experimentaron unha importante evolución. Por outro lado, sendo a loita contra o cambio climático unha prioridade da política ambiental e aínda que a contribución dos residuos ao cambio climático é pequena en relación co resto

de sectores, existe un potencial significativo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, asociado ao sector dos residuos.

Por todo isto, a transposición da Directiva marco de residuos e a substitución da anterior Lei de residuos fan necesaria a actualización do réxime xurídico da produción e xestión de residuos á luz da experiencia adquirida, das lagoas detectadas, e da evolución e modernización da política de residuos. Ademais, esta lei, no marco dos principios básicos de protección da saúde humana e do ambiente, orienta a política de residuos conforme o principio de xerarquía na produción e xestión destes, maximizando o aproveitamento dos recursos e minimizando os impactos da produción e xestión de residuos. A nova lei promove a implantación de medidas de prevención, a reutilización e a reciclaxe dos residuos, e, conforme o que establece a Directiva marco, permite cualificar como operación de valorización a incineración de residuos domésticos mesturados só cando esta se produce cun determinado nivel de eficiencia enerxética; así mesmo, aspira a aumentar a transparencia e a eficacia ambiental e económica das actividades de xestión de residuos. Finalmente, forma parte do espírito da lei promover a innovación na prevención e xestión dos residuos, para facilitar o desenvolvemento das solucións con maior valor para a sociedade en cada momento, o que sen dúbida incidirá na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas a este sector e contribuirá á conservación do clima.

II

O título I da lei contén as disposicións e os principios xerais e divídese en dous capítulos.

O primeiro capítulo está dedicado ás disposicións de carácter xeral e inclúe o obxecto, as definicións, así como a referencia á clasificación e a lista europea de residuos.

O obxecto desta lei é establecer o réxime xurídico da produción e xestión de residuos, así como a previsión de medidas para previr a súa xeración e para evitar ou reducir os impactos adversos sobre a saúde humana e o ambiente asociados á xeración e xestión daqueles. Igualmente, e tal e como sucedía xa na anterior Lei de residuos, esta lei ten tamén por obxecto regular o réxime xurídico dos solos contaminados. Finalmente, termínase de delimitar o ámbito de aplicación da lei cunha serie de exclusións expresamente mencionadas.

Inclúese un artigo de definicións, entre as cales se recollen conceptos clave como o de «residuo», «reutilización», «reciclaxe», «valorización» e «eliminación». Así mesmo, tamén se introducen as definicións de «residuo doméstico», «comercial» e «industrial», co obxecto de clarificar as competencias de xestión para os distintos tipos de residuos. Defínense igualmente outros conceptos que posteriormente aparecen ao longo do texto, co obxectivo de lograr un maior grao de precisión e de seguridade xurídica á hora de aplicar a norma, como «solo contaminado» ou «compost». Incorpóranse as definicións da directiva do «negociante» e do «axente» como xestores de residuos, distinguíndose estas dúas figuras en que o negociante actúa por conta propia mentres que o axente actúa por conta de terceiros.

Seguindo as pautas da Directiva marco de residuos, introdúcense artigos específicos dedicados aos conceptos de «subproduto» e de «fin da condición de residuo», e establécense as condicións que debe cumprir un residuo para considerarse un subproduto ou para perder a súa condición de residuo.

O capítulo II está dedicado aos principios da política de residuos e ás competencias administrativas.

Iníciase cos principios básicos nesta materia: a protección da saúde humana e do ambiente, principios xa recollidos na anterior directiva e que, como non podía ser doutra maneira, se manteñen nesta. Como novidade procedente da nova directiva, fórmase unha nova xerarquía de residuos que explicita a orde de prioridade nas actuacións na política de residuos: prevención (na xeración de residuos), preparación para a reutilización, reciclaxe, outros tipos de valorización (incluída a enerxética) e, por último, a eliminación dos residuos. De acordo cos principios de autosuficiencia e proximidade deben adoptarse medidas para establecer unha rede integrada de instalacións para a valorización de

residuos mesturados. Os dereitos de acceso á información e a participación en materia de ambiente, garantidos mediante a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza, aparecen expresamente reflectidos na lei. En aplicación do principio de «quen contamina paga», inclúese un artigo relativo aos custos da xestión dos residuos, que recaerán sobre o produtor deles ou sobre o produtor do produto que co uso se converte en residuo, nos casos en que así se estableza en aplicación das normas de responsabilidade ampliada do produtor do produto.

Debido a que son varias as administracións públicas que interveñen na xestión dos residuos, faise necesario un artigo que defina as competencias administrativas de cada unha delas. Clarifícase a distribución competencial existente na anterior lei, especialmente no relativo ás entidades locais, que poderán establecer a través das súas ordenanzas as condicións para a entrega dos residuos cuxa xestión teñan asumida.

Co obxectivo de configurar un foro de autoridades administrativas competentes nesta materia, a lei inclúe a creación dunha comisión de coordinación en materia de residuos como órgano de cooperación técnica e colaboración entre as distintas administracións, integrada por representantes da Administración xeral do Estado (dos departamentos ministeriais con competencias nesta materia), das comunidades e cidades autónomas, e das entidades locais. Esta comisión poderá crear grupos de traballo especializados nos que participarán expertos na materia de que se trate, do sector público ou privado.

III

O título II está dedicado aos instrumentos da política de residuos. Seguindo as liñas marcadas pola Directiva marco, recóllense como instrumentos de planificación os plans e programas de xestión de residuos e os programas de prevención de residuos. Así mesmo, establécese a posibilidade de adoptar medidas e instrumentos económicos, entre os cales destacan os canons aplicables á vertedura de residuos mediante depósito en vertedoiro e á incineración de residuos domésticos.

A planificación da xestión dos residuos é outro instrumento esencial da política de residuos. Por iso, esta lei desenvolve estes plans a nivel nacional, autonómico e local: o Plan nacional marco de xestión de residuos define a estratexia xeral de xestión de residuos así como os obxectivos mínimos, as comunidades autónomas elaborarán os seus respectivos plans autonómicos de xestión de residuos, e posibilitábase que as entidades locais realicen, por separado ou de forma conxunta, programas de xestión de residuos.

Dada a importancia que se atribúe á prevención na xeración de residuos, a directiva inclúe un instrumento específico: os programas de prevención de residuos, que establecen as medidas e obxectivos de prevención. Estes programas poderán estar integrados nos plans e programas de xestión de residuos, noutros programas de política ambiental, ou estableceranse como programas separados.

IV

O título III da lei leva por rúbrica «Producción, posesión e xestión dos residuos» e desenvolve as obrigas dos produtores e xestores de residuos. Neste título o obxectivo foi o de lograr unha maior claridade e sistematización das obrigas dos suxeitos intervinientes na cadea de produción e xestión de residuos, así como unha simplificación das cargas administrativas sobre os operadores, substituíndo parte das autorizacións existentes na anterior lei por comunicacións. Esta evolución da substitución de autorizacións por comunicacións enmárcase no proceso xeral de substitución do control a priori da Administración por un control a posteriori, que non enlenteza o inicio das actividades económicas, pero que en todo caso non supón unha perda de control por parte da Administración senón un cambio no momento en que este se leva a cabo.

Este título III organizouse en tres capítulos dedicados ás obrigas dos produtores ou outros posuidores iniciais de residuos, as obrigas dos xestores de residuos e, por último, o terceiro capítulo establece o réxime de comunicacións e autorizacións en materia de residuos.

No capítulo primeiro recóllense as obrigas dos produtores ou outros posuidores iniciais de residuos relativas á xestión dos seus residuos así como as relativas ao almacenamento, mestura, envasado e etiquetaxe dos seus residuos. O produtor ou o posuidor inicial do residuo deben asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos, para o cal se establecen distintas opcións (que se efectúe o tratamento por si mesmo ou que se entregue a un terceiro, público ou privado). En todo caso, as operacións que se realicen deberán acreditarse documentalmete. Así mesmo, establécese o alcance da responsabilidade dos produtores e posuidores iniciais dos residuos, establécense as obrigas relativas á entrega dos residuos domésticos e dos residuos comerciais, e recóllense especificidades relativas aos residuos perigosos.

O capítulo II, relativo ás obrigas dos xestores, divídese en catro seccións. A primeira regula as obrigas xerais dos xestores en relación cos requisitos de almacenamento e de subscripción de seguros ou fianzas así como as obrigas específicas dos xestores de residuos en función da súa actividade.

A sección segunda establece os obxectivos e medidas na xestión dos residuos. Estes estarán destinados a fomentar a preparación para a reutilización e a reciclaxe fixándose obxectivos concretos para implantación de recollida separada por materiais. Así mesmo, establécense obxectivos específicos de preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos domésticos, e de preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización para residuos de construción e demolición.

Unha terceira sección fai referencia expresa aos biorresiduos e posibilita que os plans e programas inclúan medidas para impulsar a súa recollida separada para destinalos ao tratamento biolóxico e obter emendas orgánicas de calidade.

A sección cuarta deste capítulo II regula o traslado de residuos, entendido como o transporte destinado á eliminación e a valorización. Establécese, en primeiro lugar, o réxime xurídico dos traslados no interior do Estado, considerando como únicas causas de oposición a eles os motivos ambientais enumerados no Regulamento (CE) n.º 1013/2006 e na propia directiva marco. A entrada e saída de residuos do territorio nacional regúlanse de conformidade co citado regulamento comunitario, introducíndose nesta lei como novidade a obriga de que aqueles que organicen os traslados presenten información relativa a residuos non perigosos, para efectos estatísticos e de control.

V

No capítulo III do título III regúlanse as comunicacións e autorizacións das actividades de produción e xestión de residuos. As empresas que producen residuos perigosos e residuos non perigosos en cantidade superior a 1.000 t/ano sométense ao requisito de comunicación previa na comunidade autónoma onde estean radicadas. Desta forma, dótanse as comunidades autónomas de información necesaria para facilitar a vixilancia e o control da produción de residuos, e simplifícanse os trámites administrativos ás empresas que producen residuos perigosos, substituíndo o réxime anterior de autorización polo actual de comunicación.

Así mesmo, esta norma incide no réxime xurídico aplicable á xestión dos residuos no seu sentido máis amplo: compravenda de residuos (negociación), axencia, recollida, transporte e tratamento, establecendo para aquelas empresas cuxa actividade non estea vinculada a unha instalación un réxime de comunicación unicamente na comunidade autónoma onde teñen o domicilio, evitando a repetición de trámites administrativos no resto de comunidades autónomas onde pretendan operar.

O réxime aplicable ás actividades de xestión de residuos que se desenvolven nunha determinada instalación é o de autorización, tanto á empresa que vai desenvolver a actividade como ás instalacións onde se desenvolve.

Cómpre salientar que non existe un réxime xurídico específico para todas as operacións de almacenamento de residuos, senón que, cando é unha operación de tratamento, a instalación requirirá autorización previa. Por outro lado, cando os produtores de residuos almacenen os seus propios residuos no lugar de produción e estean obrigados a presentar

comunicación, deberán incluír as condicións deste almacenamento no contido da comunicación.

VI

A lei dedica o seu título IV á «Responsabilidade ampliada do produtor do produto». Ben que non se pode afirmar que esta regulación se introduza *ex novo*, si cabe destacar que se establece por primeira vez un marco legal sistematizado e coherente, en virtude do cal os produtores de produtos que co seu uso se converten en residuos quedan involucrados na prevención e na organización da súa xestión, promovéndose a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, de acordo cos principios inspiradores desta nova lexislación.

A lei delimita o ámbito desta responsabilidade, establecendo as obrigas ás cales, mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, poden quedar sometidos os produtores, tanto na fase de deseño e produción dos seus produtos como durante a xestión dos residuos que deriven do seu uso.

En canto á forma de facer fronte a estas obrigas, a lei posibilita que se faga de maneira individual ou mediante sistemas colectivos. Neste caso os produtores deberán constituír unha entidade con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, garantindo o acceso de todos os produtores en función de criterios obxectivos. Para este suposto prevese un sistema de autorización coa participación da Comisión de coordinación en materia de residuos, que garante unha actuación homoxénea en todo o territorio nacional dos sistemas colectivos.

Os sistemas individuais, pola contra, non quedan sometidos a este réxime de autorización administrativa, senón ao de comunicación previa ao inicio da súa actividade, en consonancia co principio, inspirador tamén da lei, de lles facilitar aos cidadáns e ás empresas o acceso e o exercicio de actividades de servizo.

VII

O título V contén a regulación dos solos contaminados, concepto utilizado por primeira vez no noso ordenamento xurídico na Lei 10/1998, do 21 de abril, que agora se derroga. Por este motivo considerouse fundamental manter o réxime xurídico que xa está en vigor, aínda que á luz da experiencia adquirida se matizan algunhas cuestións como a determinación dos suxeitos responsables da contaminación dos solos. Así mesmo, e coa finalidade de adquirir un mellor coñecemento da situación dos solos contaminados, régulanse as obrigas de información a que quedan suxeitos tanto os titulares das actividades potencialmente contaminantes do solo como os titulares dos solos contaminados e créase o inventario estatal de solos contaminados.

VIII

Como xa se mencionou anteriormente, un dos obxectivos desta lei é aumentar a transparencia na xestión dos residuos e posibilitar a súa rastrexabilidade, e a este fin responde o título VI, dedicado ao rexistro e información sobre residuos.

A lei regula o Rexistro de produción e xestión de residuos, que incorpora a información procedente dos rexistros das comunidades autónomas, e a dita información poderá ser utilizada por outra Administración pública co fin de reducir as cargas administrativas. Este rexistro será desenvolvido regulamentariamente.

Para facilitar as funcións de vixilancia e inspección que esta lei atribúe ás administracións públicas, establécese, para as entidades ou empresas rexistradas, a obriga de levar un arquivo cronolóxico no que anotarán a información relativa ás operacións de produción e xestión de residuos para facilitar a rastrexabilidade dos residuos desde a súa produción ata o seu tratamento final.

O envío anual de información ás comunidades autónomas por parte das entidades ou empresas de tratamento de residuos permitirá mellorar a información relativa á produción e xestión dos residuos e dispor de información precisa e fiable, básica para desenvolver a

política de residuos e para dar cumprimento ás obrigas de información, comunitarias e internacionais.

IX

Finalmente, o título VII regula a responsabilidade, a vixilancia, inspección e control, e o réxime sancionador.

En consonancia coa supresión de determinadas autorizacións administrativas e a súa substitución por unha comunicación previa ao inicio das actividades, a lei reforza as potestades das administracións públicas para a inspección, a vixilancia e o control das actividades relacionadas cos residuos e os solos contaminados.

O réxime sancionador supón unha actualización do contido na Lei 10/1998, do 21 de abril. Con esta finalidade, e tendo en conta a experiencia adquirida, tipificáronse con maior precisión determinadas infraccións e sancións, facéndoa máis acordes e eficaces respecto ás finalidades que se perseguen.

Polo que respecta ás sancións, revisouse a súa contía, atendendo á gravidade das condutas, e introduciuse a obriga de reparación dos danos causados aos recursos naturais nos termos da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

En canto á potestade sancionadora, ampliouse a dos titulares das entidades locais e, co fin de reforzar o carácter preventivo da lei, incluíuse a posibilidade de que o órgano competente poida adoptar medidas provisionais imprescindibles antes do inicio do procedemento, en casos de urxencia e para a protección provisionaria dos intereses implicados.

X

En canto á parte final da lei, a disposición adicional primeira declara de utilidade pública e interese social, para efectos da lexislación de expropiación forzosa, o establecemento ou ampliación de instalacións de almacenamento, valorización e eliminación de residuos; a segunda establece un calendario para a substitución gradual das bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable; a terceira prevé que a Administración xeral do Estado estableza medidas para financiar o custo adicional que implica a valorización dos residuos xerados nas Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla; mediante a cuarta dispónse que a regulación dos solos contaminados contida na lei debe entenderse sen prexuízo das previsións recollidas nas leis reguladoras da defensa nacional; a quinta prevé a aplicación desta lei sen prexuízo das normas sobre protección da saúde e prevención de riscos laborais; a sexta establece o control das actividades de xestión de residuos relevantes para a seguridade cidadá; a sétima permite que os suxeitos obrigados a subscribir garantías conforme esta lei e outras normas o fagan nun só instrumento, e especifica que as destinadas a cubrir a restauración ambiental se calcularán de acordo coa normativa de responsabilidade ambiental; a oitava establece un prazo de tres anos para a adecuación a esta lei das disposicións de desenvolvemento en materia de residuos. A disposición adicional novena permite a tramitación dos procedementos e o envío de información por vía electrónica de acordo coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos; a disposición adicional décima obriga o Goberno a remitir ás Cortes un proxecto de lei sobre compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro no sector residuos; mediante a décimo primeira créase un grupo de traballo especializado en materia de envases no seo da Comisión e a décimo segunda obriga o Goberno a promover a cooperación técnica e a colaboración entre a Administración pública e a iniciativa privada. Por último, a disposición adicional décimo terceira promove o impulso á investigación sobre a prevención e xestión de residuos.

Establécense réximes transitorios en relación cos subprodutos, as ordenanzas de entidades locais, os contratos en vigor das entidades locais para a xestión de residuos comerciais, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, as garantías financeiras vixentes, o Rexistro de produción e xestión de residuos e para as autorizacións e comunicacións. Así mesmo, atribúense con carácter transitorio aos órganos que ata o

momento as tiñan atribuídas as competencias que a lei asigna á Comisión de coordinación en materia de residuos.

Respecto á disposición derogatoria, destaca a derogación expresa da Lei 10/1998, do 21 de abril.

As disposicións derradeiras, por último, están dedicadas á definición dos títulos competenciais; fan explícito o labor de transposición de dereito comunitario que realiza a lei; autorizan o Goberno a realizar o desenvolvemento regulamentario e fixan como entrada en vigor da lei o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

XI

En canto aos anexos, o I e o II enumeran, respectivamente, as operacións de eliminación e de valorización de residuos. O III describe as características dos residuos que permiten cualificalos como perigosos. O anexo IV contén exemplos de medidas de prevención de residuos. O V especifica o contido dos plans autonómicos de xestión de residuos.

O anexo VI describe o contido da solicitude de autorización para o tratamento de residuos; o VII, o contido da autorización para o tratamento de residuos e o VIII, o contido das comunicacións reguladas na lei.

Os anexos IX e X especifican o contido da comunicación e da autorización, respectivamente, dos sistemas individuais e colectivos de responsabilidade ampliada do produtor.

Finalmente, o anexo XI contén as obrigas de información en materia de solos contaminados, e o XII, as obrigas de información das empresas de tratamento de residuos.

TÍTULO I

Disposicións e principios xerais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regular a xestión dos residuos impulsando medidas que preveñan a súa xeración e mitiguen os impactos adversos sobre a saúde humana e o ambiente asociados á súa xeración e xestión, mellorando a eficiencia no uso dos recursos. Ten, así mesmo, como obxecto regular o réxime xurídico dos solos contaminados.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación a todo tipo de residuos, coas seguintes exclusións:

a) As emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, así como o dióxido de carbono capturado e transportado con fins de almacenamento xeolóxico e efectivamente almacenado en formacións xeolóxicas de conformidade coa Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono. Tampouco se aplicará ao almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono realizado con fins de investigación, desenvolvemento ou experimentación de novos produtos e procesos sempre que a capacidade prevista de almacenamento sexa inferior a 100 quilotoneladas.

b) Os solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados durante as actividades de construción, cando se teña a certeza de que estes materiais se utilizarán con fins de construción no seu estado natural no lugar ou obra onde foron extraídos.

- c) Os residuos radioactivos.
- d) Os explosivos desclasificados.
- e) As materias fecais, se non están incluídas no punto 2.b), palla e outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base desta biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o ambiente.

2. Esta lei non será de aplicación aos residuos que se citan a continuación, nos aspectos xa regulados por outra norma comunitaria ou nacional que incorpore ao noso ordenamento normas comunitarias:

- a) As augas residuais.
- b) Os subprodutos animais cubertos polo Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002. Non se inclúen nesta excepción, e por tanto serán regulados por esta lei, os subprodutos animais e os seus produtos derivados, cando se destinen á incineración, aos vertedoiros ou sexan utilizados nunha planta de biogás ou de compostaxe.

c) Os cadáveres de animais que morresen de forma diferente ao sacrificio, incluídos os que foron mortos co fin de erradicar epizootias, e que son eliminados conforme o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

d) Os residuos resultantes da prospección, da extracción, do tratamento ou do almacenamento de recursos minerais, así como da explotación de canteiras, cubertos polo Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

3. Sen prexuízo das obrigas impostas en virtude da normativa específica aplicable, excluíranse do ámbito de aplicación desta lei os sedimentos resituados no interior das augas superficiais para efectos de xestión das augas e das vías navegables, de prevención das inundacións ou de mitigación dos efectos das inundacións e das secas, ou de creación de novas superficies de terreo, se se demostra que os ditos sedimentos son non perigosos.

4. Os solos contaminados rexeranse polo título V de solos contaminados.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei entenderase por:

a) «Residuo»: calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor refugue ou teña a intención ou a obriga de refugar.

b) «Residuos domésticos»: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e utensilios así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Terán a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

c) «Residuos comerciais»: residuos xerados pola actividade propia do comercio, grosista ou a retallo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

d) «Residuos industriais»: residuos resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro.

e) «Residuo perigoso»: residuo que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no anexo III, e aquel que poida aprobar o Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte, así como os recipientes e envases que os contivesen.

f) «Aceites usados»: todos os aceites minerais ou sintéticos, industriais ou de lubricación, que deixasen de ser aptos para o uso orixinalmente previsto, como os aceites usados de motores de combustión e os aceites de caixas de cambios, os aceites lubricantes, os aceites para turbinas e os aceites hidráulicos.

g) «Biorresiduo»: residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda a retalho; así como residuos comparables procedentes de plantas de procesamento de alimentos.

h) «Prevención»: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha substancia, material ou produto, para reducir:

1.º A cantidade de residuo, incluso mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da vida útil dos produtos.

2.º Os impactos adversos sobre o ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía.

3.º O contido de substancias nocivas en materiais e produtos.

i) «Produtor de residuos»: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial de residuos) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura ou doutro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición deses residuos. No caso das mercadorías retiradas polos servizos de control e inspección nas instalacións fronteirizas, considerarase produtor de residuos o representante da mercadoría, ou ben o importador ou exportador dela.

j) «Posuidor de residuos»: o produtor de residuos ou outra persoa física ou xurídica que estea en posesión de residuos.

k) «Negociante»: toda persoa física ou xurídica que actúe por conta propia na compra e posterior venda de residuos, incluídos os negociantes que non tomen posesión física dos residuos.

l) «Axente»: toda persoa física ou xurídica que organiza a valorización ou a eliminación de residuos por encargo de terceiros, incluídos os axentes que non tomen posesión física dos residuos.

m) «Xestión de residuos»: a recollida, o transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, así como o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros, incluídas as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente.

n) «Xestor de residuos»: a persoa ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor deles.

ñ) «Recollida»: operación consistente no depósito de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

o) «Recollida separada»: a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.

p) «Reutilización»: calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos se utilizan de novo coa mesma finalidade para a cal foron concibidos.

q) «Tratamento»: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.

r) «Valorización»: calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ao substituír outros materiais, que doutro modo se terían utilizado para cumprir unha función particular, ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral. No anexo II recóllese unha lista non exhaustiva de operacións de valorización.

s) «Preparación para a reutilización»: a operación de valorización consistente na comprobación, limpeza ou reparación, mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que se convertesen en residuos se preparan para que poidan reutilizarse sen ningunha outra transformación previa.

t) «Reciclaxe»: toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, tanto se é coa finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Inclúe a transformación do material orgánico, pero non a valorización enerxética nin a transformación en materiais que se vaian usar como combustibles ou para operacións de recheo.

u) «Rexeneración de aceites usados»: calquera operación de reciclaxe que permita producir aceites de base mediante a refinación de aceites usados, en particular mediante a retirada dos contaminantes, os produtos da oxidación e os aditivos que conteñan os ditos aceites.

v) «Eliminación»: calquera operación que non sexa a valorización, mesmo cando a operación teña como consecuencia secundaria o aproveitamento de substancias ou enerxía. No anexo I recóllese unha lista non exhaustiva de operacións de eliminación.

w) «Mellores técnicas dispoñibles»: as mellores técnicas dispoñibles tal e como se definen no artigo 3, alínea ñ), da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

x) «Solo contaminado»: aquel cuxas características foron alteradas negativamente pola presenza de compoñentes químicos de carácter perigoso procedentes da actividade humana, en concentración tal que comporte un risco inaceptable para a saúde humana ou o ambiente, de acordo cos criterios e estándares que determine o Goberno, e así se declarase mediante resolución expresa.

y) «Compost»: emenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compost o material orgánico obtido das plantas de tratamento mecánico biolóxico de residuos mesturados, que se denominará material bioestabilizado.

Artigo 4. *Subprodutos.*

1. Unha substancia ou obxecto, resultante dun proceso de produción, cuxa finalidade primaria non sexa a produción desa substancia ou obxecto, pode ser considerada como subproduto e non como residuo definido no artigo 3, alínea a), cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que se teña a seguridade de que a substancia ou obxecto vai ser utilizado posteriormente,

b) que a substancia ou obxecto se poida utilizar directamente sen ter que someterse a unha transformación ulterior distinta da práctica industrial habitual,

c) que a substancia ou obxecto se produza como parte integrante dun proceso de produción, e

d) que o uso ulterior cumpra todos os requisitos pertinentes relativos aos produtos así como á protección da saúde humana e do ambiente, sen que produza impactos xerais adversos para a saúde humana ou o ambiente.

2. A Comisión de coordinación en materia de residuos avaliará a consideración destas substancias ou obxectos como subprodutos, tendo en conta o establecido, de ser o caso, ao respecto para o ámbito da Unión Europea, e propondrá a súa aprobación ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que ditará a orde ministerial correspondente.

Artigo 5. *Fin da condición de residuo.*

1. Por orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderanse establecer os criterios específicos que determinados tipos de residuos, que fosen sometidos a unha operación de valorización, incluída a reciclaxe, deberán cumprir para

que poidan deixar de ser considerados como tales, para os efectos do disposto nesta lei e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que as substancias ou obxectos resultantes se usen habitualmente para finalidades específicas;
- b) que exista un mercado ou unha demanda para as ditas substancias ou obxectos;
- c) que as substancias ou obxectos resultantes cumpran os requisitos técnicos para finalidades específicas, a lexislación existente e as normas aplicables aos produtos; e
- d) que o uso da substancia ou obxecto resultante non xere impactos adversos para o ambiente ou a saúde.

2. Na elaboración desta orde terase en conta o estudo previo que realizará a Comisión de coordinación en materia de residuos, que analizará o establecido, de ser o caso, pola Unión Europea, a xurisprudencia aplicable, os principios de precaución e prevención, os eventuais impactos nocivos do material resultante e, cando sexa necesario, a procedencia de incluír valores límite para as substancias contaminantes.

3. As substancias ou obxectos afectados polos números anteriores e polas súas normas de desenvolvemento serán computados como residuos reciclados e valorizados para os efectos do cumprimento dos obxectivos en materia de reciclaxe e valorización cando se cumpran os criterios de valorización e reciclaxe previstos nas ditas normas.

Artigo 6. *Clasificación e lista europea de residuos.*

1. A determinación dos residuos que deben considerarse como residuos perigosos e non perigosos farase de conformidade coa lista establecida na Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio de 2000.

2. Por orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta á Comisión de coordinación en materia de residuos, poderase reclasificar un residuo nos seguintes termos, conforme, de ser o caso, cos procedementos previstos no artigo 7 da Directiva 2008/98/CE:

- a) Poderase considerar un residuo como perigoso cando, aínda que non figure como tal na lista de residuos, presente unha ou máis das características indicadas no anexo III.
- b) Poderase considerar un residuo como non perigoso cando se teñan probas de que un determinado residuo que figure na lista como perigoso non presenta ningunha das características indicadas no anexo III.

Cando se dean os supostos das dúas alíneas anteriores, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño notificarao sen demora á Comisión Europea e presentaralle toda a información relevante.

3. A reclasificación de residuos perigosos en residuos non perigosos non poderá realizarse por medio dunha dilución ou mestura cuxo obxecto sexa a diminución das concentracións iniciais de substancias perigosas por debaixo dos límites que definen o carácter perigoso dun residuo.

CAPÍTULO II

Principios da política de residuos e competencias administrativas

Artigo 7. *Protección da saúde humana e o ambiente.*

1. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para asegurar que a xestión dos residuos se realice sen pór en perigo a saúde humana e sen danar o ambiente e, en particular:

- a) Non xerarán riscos para a auga, o aire ou o solo, nin para a fauna e a flora;
- b) non causarán incomodidades polo ruído ou os cheiros; e

c) non atentarán adversamente contra paisaxes nin lugares de especial interese legalmente protexidos.

2. As medidas que se adopten en materia de residuos deberán ser coherentes coas estratexias de loita contra o cambio climático.

Artigo 8. *Xerarquía de residuos.*

1. As administracións competentes, no desenvolvemento das políticas e da lexislación en materia de prevención e xestión de residuos, aplicarán, para conseguir o mellor resultado ambiental global, a xerarquía de residuos pola seguinte orde de prioridade:

- a) Prevención;
- b) Preparación para a reutilización;
- c) Reciclaxe;
- d) Outro tipo de valorización, incluída a valorización enerxética; e
- e) Eliminación.

2. Non obstante, se para conseguir o mellor resultado ambiental global en determinados fluxos de residuos for necesario apartarse da dita xerarquía, poderase adoptar unha orde distinta de prioridades coa xustificación previa por un enfoque de ciclo de vida sobre os impactos da xeración e xestión deses residuos, tendo en conta os principios xerais de precaución e sustentabilidade no ámbito da protección ambiental, viabilidade técnica e económica, protección dos recursos, así como o conxunto de impactos ambientais sobre a saúde humana, económicos e sociais, de acordo cos artigos 1 e 7.

Artigo 9. *Autosuficiencia e proximidade.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas, e se for necesario con outros Estados membros, tomará as medidas adecuadas, sen prexuízo da aplicación da xerarquía de residuos na súa xestión, para establecer unha rede integrada de instalacións de eliminación de residuos e de instalacións para a valorización de residuos domésticos mesturados, mesmo cando a recollida tamén abranga residuos similares procedentes doutros produtores, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles.

2. A rede deberá permitir a eliminación dos residuos ou a valorización dos residuos mencionados no número 1, nunha das instalacións adecuadas máis próximas, mediante a utilización das tecnoloxías e os métodos máis adecuados para asegurar un nivel elevado de protección do ambiente e da saúde pública.

Artigo 10. *Acceso á información e participación en materia de residuos.*

As administracións públicas garantirán os dereitos de acceso á información e de participación en materia de residuos nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

As administracións públicas elaborarán e publicarán, como mínimo, cada ano un informe de conxuntura sobre a situación da produción e xestión dos residuos, incluíndo datos de recollida e tratamento desagregados por fraccións e procedencia. Estes informes serán de ámbito nacional e autonómico e, de ser o caso, local. Así mesmo, a información contida no Rexistro de produción e xestión será pública conforme o previsto no artigo 39.

As administracións públicas, os interesados e o público en xeral terán a oportunidade de participar na elaboración dos plans e programas recollidos nos artigos 14 e 15, así como na avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente de conformidade coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Estes plans e programas terán carácter público e as autoridades competentes poranos nunha páxina web accesible ao público.

Artigo 11. *Custos da xestión dos residuos.*

1. De acordo co principio de que quen contamina paga, os custos relativos á xestión dos residuos terán que correr por conta do produtor inicial de residuos, do posuidor actual ou do anterior posuidor de residuos de acordo co establecido nos artigos 42 e 45.2.

2. As normas que regulen a responsabilidade ampliada do produtor para fluxos de residuos determinados establecerán os supostos en que os custos relativos á súa xestión terán que ser sufragados, parcial ou totalmente, polo produtor do produto do cal proceden os residuos e cando os distribuidores do produto poderán compartir os ditos custos.

3. Na determinación dos custos de xestión dos residuos domésticos, e dos residuos comerciais xestionados polas entidades locais, deberá incluírse o custo real das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros.

Artigo 12. *Competencias administrativas.*

1. O Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, aprobará o Plan nacional marco de xestión de residuos.

2. A Administración xeral do Estado deberá exercer a potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. O ministerio competente en materia de ambiente deberá:

a) Elaborar o Plan nacional marco de xestión de residuos.
b) Establecer os obxectivos mínimos de redución na xeración de residuos, así como de preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización obrigatoria de determinados tipos de residuos.

c) Autorizar os traslados de residuos desde ou cara a países terceiros non pertencentes á Unión Europea, así como exercer as funcións de inspección e sanción derivadas do citado réxime de traslados, sen prexuízo da colaboración que poida ser prestada pola comunidade autónoma onde estea situado o centro da actividade correspondente.

d) Exercer as funcións que corresponden á autoridade nacional nos supostos en que España sexa Estado de tránsito para efectos do disposto no artigo 53 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo ao traslado de residuos.

e) Recompilar, elaborar e actualizar a información necesaria para o cumprimento das obrigas derivadas da lexislación nacional, comunitaria, de convenios internacionais ou calquera outra obriga de información pública.

f) As demais competencias que lle atribúan as restantes normas sobre residuos.

4. Corresponde ás comunidades autónomas:

a) A elaboración dos programas autonómicos de prevención de residuos e dos plans autonómicos de xestión de residuos

b) A autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión de residuos.

c) O rexistro da información en materia de produción e xestión de residuos no seu ámbito competencial.

d) O outorgamento da autorización do traslado de residuos desde ou cara a países da Unión Europea, regulado no Regulamento (CE) n.º 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, así como as dos traslados no interior do territorio do Estado e a inspección e, de ser o caso, sanción derivada dos citados réximes de traslados.

e) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

f) Calquera outra competencia en materia de residuos non incluída nos números 1, 2, 3 e 5 deste artigo.

5. Corresponde ás entidades locais, ou ás Deputacións Forais cando proceda:
- Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta lei, das que, de ser o caso, diten as comunidades autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios, que a poderán levar a cabo de forma independente ou asociada.
 - O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.
 - As entidades locais poderán:
 - Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia.
 - Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos os poidan xestionar por si mesmos nos termos previstos no artigo 17.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impor, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos ao dito sistema en determinados supostos.
 - A través das súas ordenanzas, obrigar o produtor ou outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir as ditas características ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.
 - Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.
6. As administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, poderán declarar servizo público todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados residuos cando motivadamente se xustifique por razóns de adecuada protección da saúde humana e do ambiente.

Artigo 13. Comisión de coordinación en materia de residuos.

- Créase a Comisión de coordinación en materia de residuos, adscrita ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como órgano de cooperación técnica e colaboración entre as administracións competentes en materia de residuos.
- Esta Comisión exercerá as seguintes funcións:
 - Impulsar a cooperación e colaboración entre as administracións públicas con competencias en materia de residuos.
 - Elaborar os informes, ditames ou estudos que lle sexan solicitados polos seus membros ou por iniciativa propia.
 - Elaborar recomendacións, entre outras materias, sobre a sustentabilidade, eficacia e eficiencia dos sistemas de xestión dos fluxos de residuos, exixencias de calidade da reciclaxe, así como sobre etiquetaxe.
 - Analizar a aplicación das normas de residuos e as súas repercusións.
 - Analizar e valorar a información dispoñible en materia de residuos con obxecto de manter un coñecemento actualizado e dispoñible para as autoridades administrativas da situación dos residuos do Estado español no contexto da Unión Europea. En particular, analizarase a información relativa aos envases e residuos de envases e elaboraranse as recomendacións oportunas co fin de prever a xeración de residuos de envases e contribuír a unha xestión máis eficiente deles.

f) Exercer as atribucións que lle confire esta norma en relación cos subprodutos, a perda da condición de fin de residuo, a reclasificación de residuos ou a recepción de notificacións de traslado.

g) Analizar as xustificacións das alteracións na orde de prioridades da xerarquía de residuos baseadas nun enfoque de ciclo de vida.

h) Calquera outra función de intercambio de información ou asesoramento en cuestións relacionadas coa materia regulada nesta lei que lle puiden ser encomendada polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ou as comunidades autónomas.

i) As funcións que esta lei ou outras normas lle atribúan.

j) Intercambiar información e facer recomendacións sobre a aplicación das disposicións en materia das autorizacións relativas aos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor.

k) Con carácter previo á elaboración dos plans de xestión de residuos, incluído o Plan nacional marco, propor contidos e directrices.

3. A Comisión de coordinación en materia de residuos estará presidida polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e vicepresidida por un dos representantes das comunidades autónomas. Por orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño nomearanse os 30 vogais que comporán a Comisión, entre eles un vogal designado por cada unha das comunidades autónomas, un vogal designado por cada unha das cidades de Ceuta e Melilla, tres vogais das entidades locais designados pola asociación de ámbito estatal con maior implantación e oito vogais representantes dos departamentos ministeriais, ou organismos adscritos a eles, con competencias que incidan nesta materia, con rango de subdirector xeral ou equivalente.

Para cada un dos membros da Comisión designarase un suplente. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

4. A Comisión de coordinación en materia de residuos poderá crear grupos de traballo especializados que servirán de apoio para o cumprimento das funcións que lle encomenda esta lei. Nestes grupos poderán participar técnicos ou expertos na materia de que se trate, procedentes do sector público, do sector privado e da sociedade civil.

5. A Comisión aprobará as súas normas de funcionamento, que se axustarán ás previsións sobre órganos colexiados contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TÍTULO II

Instrumentos da política de residuos

Artigo 14. *Plans e programas de xestión de residuos.*

1. O ministerio competente en materia de ambiente, logo de consulta ás comunidades autónomas, ás entidades locais, a outros ministerios afectados e, cando proceda, en colaboración con outros Estados membros, elaborará, de conformidade con esta lei, o Plan estatal marco de xestión de residuos, que conterá a estratexia xeral da política de residuos, as orientacións e a estrutura a que deberán axustarse os plans autonómicos, así como os obxectivos mínimos que se deberán cumprir en canto a prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe, valorización e eliminación. A determinación dos ditos obxectivos será coherente coa estratexia de redución de gases de efecto invernadoiro e os compromisos internacionais asumidos en materia de cambio climático.

2. As comunidades autónomas elaborarán os plans autonómicos de xestión de residuos, logo de consulta ás entidades locais, de ser o caso, de conformidade con esta lei.

Os plans autonómicos de xestión conterán unha análise actualizada da situación da xestión de residuos no ámbito territorial da comunidade autónoma, así como unha

exposición das medidas para facilitar a reutilización, a reciclaxe, a valorización e a eliminación dos residuos, establecendo obxectivos de prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe, valorización e eliminación e a estimación da súa contribución á consecución dos obxectivos establecidos nesta lei, nas demais normas en materia de residuos e noutras normas ambientais.

Os plans incluírán os elementos que se sinalan no anexo V.

3. As entidades locais, no marco das súas competencias, poderán elaborar programas de xestión de residuos de conformidade e en coordinación co Plan nacional marco e cos plans autonómicos de xestión de residuos. As entidades locais poderán elaborar estes programas individualmente ou agrupadas.

4. Na elaboración dos plans e programas de xestión de residuos valoraranse aquelas medidas que incidan de forma significativa na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

5. Os plans e programas de xestión de residuos avaliaranse e revisaranse, cando menos, cada seis anos.

Artigo 15. *Programas de prevención de residuos.*

1. As administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, aprobarán antes do 12 de decembro de 2013, programas de prevención de residuos nos cales se establecerán os obxectivos de prevención, de redución da cantidade de residuos xerados e de redución da cantidade de substancias perigosas ou contaminantes, se describirán as medidas de prevención existentes e se avaliará a utilidade dos exemplos de medidas que se indican no anexo IV ou outras medidas adecuadas. Estas medidas encamiñaranse a lograr a redución do peso dos residuos producidos en 2020 nun 10% respecto aos xerados en 2010. A finalidade dos ditos obxectivos e medidas será romper o vínculo entre o crecemento económico e os impactos sobre a saúde humana e o ambiente asociados á xeración de residuos.

2. Os programas de prevención de residuos poderán ser aprobados de forma independente ou integrarse nos plans e programas sobre xestión de residuos ou outros ambientais. Cando os programas de prevención se integren noutros plans e programas, as medidas de prevención e o seu calendario de aplicación deberán distinguirse claramente.

3. As administracións competentes, co fin de controlar e avaliar os avances na aplicación das medidas de prevención, determinarán os instrumentos que permitan realizar avaliacións periódicas dos progresos realizados e poderán fixar obxectivos e indicadores cualitativos e cuantitativos concretos.

4. A avaliación dos programas de prevención de residuos levarase a cabo como mínimo cada seis anos, incluírá unha análise da eficacia das medidas adoptadas e os seus resultados deberán ser accesibles ao público.

Artigo 16. *Medidas e instrumentos económicos.*

1. As autoridades competentes poderán establecer medidas económicas, financeiras e fiscais para fomentar a prevención da xeración de residuos, implantar a recollida separada, mellorar a xestión dos residuos, impulsar e fortalecer os mercados da reciclaxe, así como para que o sector dos residuos contribúa á mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro. Con estas finalidades poderán establecerse canons aplicables á vertedura e á incineración de residuos domésticos.

2. As administracións públicas promoverán, no marco de contratación das compras públicas, o uso de produtos reutilizables e de materiais facilmente reciclables, así como de produtos fabricados con materiais procedentes de residuos, cuxa calidade cumpra coas especificacións técnicas requiridas.

3. Respecto aos residuos susceptibles de ser reciclados, as administracións públicas poderán articular, con carácter temporal, mecanismos que prioricen a súa reciclaxe dentro da Unión Europea, cando estea xustificado por razóns ambientais.

TÍTULO III

Producción, posesión e xestión dos residuos

CAPÍTULO I

Da produción e posesión inicial dos residuos

Artigo 17. *Obrigas do produtor ou outro posuidor inicial relativas á xestión dos seus residuos.*

1. O produtor ou outro posuidor inicial de residuos, para asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos, estará obrigado a:

- a) Realizar o tratamento dos residuos por si mesmo.
- b) Encargar o tratamento dos seus residuos a un negociante, ou a unha entidade ou empresa, todos eles rexistrados conforme o establecido nesta lei.
- c) Entregar os residuos a unha entidade pública ou privada de recollida de residuos, incluídas as entidades de economía social, para o seu tratamento.

As citadas operacións deberán acreditarse documentalmente.

2. A entrega dos residuos domésticos para o seu tratamento realizarase nos termos que establezan as ordenanzas locais.

3. O produtor ou outro posuidor inicial de residuos comerciais non perigosos deberá acreditar documentalmente a correcta xestión dos seus residuos ante a entidade local ou poderá acollerse ao sistema público de xestión deles, cando exista, nos termos que establezan as ordenanzas das entidades locais.

En caso de incumprimento das obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos polo seu produtor ou outro posuidor, a entidade local asumirá subsidiariamente a xestión e poderalle repercutir ao obrigado a realizala o custo real dela. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que o obrigado podería ter incorrido.

4. O produtor ou outro posuidor inicial de residuos, para facilitar a xestión dos seus residuos, estará obrigado a:

- a) Subministrar ás empresas autorizadas para levar a cabo a xestión de residuos a información necesaria para o seu adecuado tratamento e eliminación.
- b) Proporcionar ás entidades locais información sobre os residuos que lles entreguen cando presenten características especiais, que poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación.
- c) Informar inmediatamente a Administración ambiental competente en caso de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos ou daqueles que pola súa natureza ou cantidade poidan danar o ambiente.

5. As normas de cada fluxo de residuos poderán establecer a obriga do produtor ou outro posuidor de residuos de separalos por tipos de materiais, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen, e sempre que esta obriga sexa técnica, económica e ambientalmente factible e adecuada, para cumprir os criterios de calidade necesarios para os sectores de reciclaxe correspondentes.

6. Ademais das obrigas previstas neste artigo, o produtor ou outro posuidor de residuos perigosos cumprirá os requisitos recollidos no procedemento regulamentariamente establecido relativo aos residuos perigosos.

Os produtores de residuos perigosos estarán obrigados a elaborar e remitir á comunidade autónoma un estudo de minimización, comprometéndose a reducir a produción dos seus residuos. Quedan exentos desta obriga os pequenos produtores de residuos perigosos cuxa produción non supere a cantidade regulamentariamente establecida.

7. O produtor de residuos perigosos poderá ser obrigado a subscribir unha garantía financeira que cubra as responsabilidades a que poidan dar lugar as súas actividades atendendo ás súas características, perigosidade e potencial de risco.

Quedan exentos desta obriga os pequenos produtores de residuos perigosos definidos regulamentariamente.

8. A responsabilidade dos produtores ou outros posuidores iniciais de residuos domésticos e comerciais conclúe unha vez que os entregasen nos termos previstos nas ordenanzas locais e no resto da normativa aplicable.

A responsabilidade dos demais produtores ou outros posuidores iniciais de residuos, cando non realicen o tratamento por si mesmos, conclúe cando os entreguen a un negociante para o seu tratamento, ou a unha empresa ou entidade de tratamento autorizadas, sempre que a entrega se acredite documentalmente e se realice cumprindo os requisitos legalmente establecidos.

Artigo 18. Obrigas do produtor ou outro posuidor inicial relativas ao almacenamento, mestura, envasado e etiquetaxe de residuos.

En relación co almacenamento, a mestura e a etiquetaxe de residuos no lugar de produción, o produtor ou outro posuidor inicial de residuos está obrigado a:

1. Manter os residuos almacenados en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder.

A duración do almacenamento dos residuos non perigosos no lugar de produción será inferior a dous anos cando se destinen a valorización e a un ano cando se destinen a eliminación. No caso dos residuos perigosos, en ambos os supostos, a duración máxima será de seis meses; en supostos excepcionais, o órgano competente das comunidades autónomas onde se leve a cabo o dito almacenamento, por causas debidamente xustificadas e sempre que se garanta a protección da saúde humana e o ambiente, poderá modificar este prazo.

Os prazos mencionados empezarán a computar desde que se inicie o depósito de residuos no lugar de almacenamento.

2. Non mesturar nin diluír os residuos perigosos con outras categorías de residuos perigosos nin con outros residuos, substancias ou materiais.

Os aceites usados de distintas características, cando sexa tecnicamente factible e economicamente viable, non se mesturarán entre eles nin con outros residuos ou substancias, se a dita mestura impide o seu tratamento.

3. Almacenar, envasar e etiquetar os residuos perigosos no lugar de produción antes da súa recollida e transporte conforme as normas aplicables.

Artigo 19. Residuos domésticos perigosos.

Ás fraccións separadas de residuos perigosos xerados nos fogares non lles serán de aplicación as obrigas derivadas da súa consideración como residuos perigosos ata que non sexan aceptadas por unha entidade ou empresa rexistrada para a súa recollida ou tratamento.

CAPÍTULO II

Da xestión de residuos

Sección 1.^a Obrigas na xestión de residuos

Artigo 20. Obrigas dos xestores de residuos.

1. As entidades ou empresas que realicen unha actividade de tratamento de residuos deberán:

a) Levar a cabo o tratamento dos residuos entregados conforme o previsto na súa autorización e acreditarlo documentalmente.

b) Xestionar adecuadamente os residuos que produzan como consecuencia da súa actividade.

2. As entidades ou empresas que recollen ou transportan residuos con carácter profesional deberán:

a) Recoller os residuos e transportalos cumprindo as prescricións das normas de transportes, as restantes normas aplicables e as previsións contractuais.

b) Manter, durante a súa recollida e transporte, os residuos perigosos envasados e etiquetados conforme as normas internacionais e comunitarias vixentes.

c) Entregar os residuos para o seu tratamento a entidades ou empresas autorizadas, e dispor dunha acreditación documental desta entrega.

3. Os negociantes e axentes deberán cumprir co declarado na súa comunicación de actividades e coas cláusulas e condicións asumidas contractualmente.

Os negociantes estarán obrigados a asegurar que se leve a cabo unha operación completa de tratamento dos residuos que adquiren e a acreditarlo documentalmente ao produtor ou outro posuidor inicial dos ditos residuos.

4. Con carácter xeral os xestores de residuos están obrigados a:

a) Manter os residuos almacenados nas condicións que fixe a súa autorización. A duración do almacenamento dos residuos non perigosos será inferior a dous anos cando se destinen a valorización e a un ano cando se destinen a eliminación. No caso dos residuos perigosos, en ambos os supostos, a duración máxima será de seis meses; en supostos excepcionais, o órgano competente das comunidades autónomas onde se leve a cabo o dito almacenamento, por causas debidamente xustificadas e sempre que se garanta a protección da saúde humana e o ambiente, poderá modificar este prazo. Durante o seu almacenamento os residuos perigosos deberán estar envasados e etiquetados conforme as normas internacionais e comunitarias vixentes.

Os prazos mencionados empezarán a computar desde que se inicie o depósito de residuos no lugar de almacenamento.

b) Constituír unha fianza no caso de residuos perigosos e cando así o exixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión. A dita fianza terá por obxecto responder fronte á Administración do cumprimento das obrigas que deriven do exercicio da actividade e da autorización ou comunicación.

c) Subscribir un seguro ou constituír unha garantía financeira equivalente no caso de entidades ou empresas que realicen operacións de tratamento de residuos perigosos e cando así o exixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión, para cubrir as responsabilidades que deriven destas operacións. A dita garantía deberá cubrir, en todo caso:

1.º As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidade das persoas.

2.º As indemnizacións debidas por danos nas cousas.

3.º Os custos de reparación e recuperación do ambiente alterado. Esta contía determinarase consonte as previsións da lexislación sobre responsabilidade ambiental.

d) Non mesturar residuos perigosos con outras categorías de residuos perigosos nin con outros residuos, substancias ou materiais. A mestura inclúe a dilución de substancias perigosas.

O órgano competente poderá permitir mesturas só cando:

1.º a operación de mesturado sexa efectuada por unha empresa autorizada;

2.º non aumenten os impactos adversos da xestión de residuos sobre a saúde humana e o ambiente, e

3.º a operación se faga conforme as mellores técnicas dispoñibles.

5. Ademais das obrigas previstas neste artigo, os xestores de residuos perigosos cumprirán os requisitos recollidos no procedemento regulamentariamente establecido relativo aos residuos perigosos.

Sección 2.^a Obxectivos e medidas na xestión dos residuos

Artigo 21. Recollida, preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización de residuos.

1. As autoridades ambientais no seu respectivo ámbito competencial e en atención aos principios de prevención e fomento da reutilización e a reciclaxe de alta calidade, adoptarán as medidas necesarias para que se establezan sistemas prioritarios para fomentar a reutilización dos produtos e as actividades de preparación para a reutilización. Promoverán, entre outras medidas, o establecemento de lugares de almacenamento para os residuos susceptibles de reutilización e o apoio ao establecemento de redes e centros de reutilización. Así mesmo, impulsaranse medidas de promoción dos produtos preparados para a súa reutilización a través da contratación pública e de obxectivos cuantitativos nos plans de xestión.

2. Para fomentar a prevención e promover a reutilización e a reciclaxe de alta calidade, poderanse adoptar medidas destinadas a facilitar o establecemento de sistemas de depósito, devolución e retorno nos termos previstos no artigo 31.3 para:

- a) Envases industriais,
- b) envases colectivos e de transporte,
- c) envases e residuos de envases de vidro, plástico e metal,
- d) outros produtos reutilizables.

Neste suposto terase en conta a viabilidade técnica e económica destes sistemas, o conxunto de impactos ambientais, sociais e sobre a saúde humana, e respectando a necesidade de garantir o correcto funcionamento do mercado interior, facilitando especialmente os mecanismos de ampla participación previstos na disposición adicional décimo segunda, debendo incorporarse aos traballos da Comisión de residuos as entidades e organizacións representativas de todos os sectores afectados pola eventual adopción dos ditos sistemas. O Goberno remitirá ás Cortes Xerais os informes preceptivos de viabilidade técnica, ambiental e económica que se realicen con carácter previo á implantación dun sistema de depósito, devolución e retorno.

3. As autoridades ambientais, no seu respectivo ámbito competencial, tomarán medidas para fomentar unha reciclaxe de alta calidade e, para este fin, establecerase unha recollida separada de residuos, entre outros, de aceites usados, cando sexa técnica, económica e ambientalmente factible e adecuada, para cumprir os criterios de calidade necesarios para os sectores de reciclaxe correspondentes.

Antes de 2015 deberá estar establecida unha recollida separada para, cando menos, os materiais seguintes: papel, metais, plástico e vidro.

Os sistemas de recollida separada xa existentes poderanse adaptar á recollida separada dos materiais a que se refire o parágrafo anterior. Poderase recoller máis dun material na mesma fracción sempre que se garanta a súa adecuada separación posterior se isto non supón unha perda da calidade dos materiais obtidos nin un incremento de custo.

4. As entidades locais habilitarán espazos, establecerán instrumentos ou medidas para a recollida separada de residuos domésticos e, de ser o caso, comerciais aos cales é preciso dar unha xestión diferenciada ben pola súa perigosidade, para facilitar a súa reciclaxe ou para preparar os residuos para a súa reutilización.

5. As autoridades ambientais no seu respectivo ámbito competencial adoptarán as medidas necesarias para asegurarse de que os residuos se sometan a operacións de valorización. Cando sexa necesario para facilitar ou mellorar a valorización, os residuos recolleranse por separado e non se mesturarán con outros residuos ou outros materiais con propiedades diferentes.

6. As autoridades ambientais, nos seus respectivos plans e programas, fomentarán métodos de recollida eficientes de acordo coas características e posibilidades de cada territorio ou poboación, para facilitar o cumprimento dos obxectivos de preparación para a reutilización, reciclaxe e valoración.

Artigo 22. *Obxectivos específicos de preparación para a reutilización, reciclaxe e valoración.*

1. Con obxecto de cumprir os obxectivos desta lei e de avanzar cara a unha sociedade da reciclaxe cun alto nivel de eficiencia dos recursos, o Goberno e as autoridades competentes deberán adoptar as medidas necesarias a través dos plans e programas de xestión de residuos para garantir que se logran os seguintes obxectivos e, de ser o caso, os que se establezan:

a) Antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar, en conxunto, como mínimo, o 50% en peso.

b) Antes de 2020, a cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outra valoración de materiais, con exclusión dos materiais en estado natural definidos na categoría 17 05 04 da lista de residuos, deberá alcanzar, como mínimo, o 70% en peso dos producidos.

2. Cada tres anos, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a información necesaria para a verificación do cumprimento dos obxectivos previstos neste artigo.

Artigo 23. *Eliminación de residuos.*

1. As autoridades ambientais, no seu respectivo ámbito competencial, aseguraranse de que, cando non se leve a cabo a valoración segundo o disposto no artigo 21.5, os residuos se sometan a operacións de eliminación seguras adoptando as medidas que garantan a protección da saúde humana e o ambiente. Os residuos deberán ser sometidos a tratamento previo á súa eliminación salvo que o seu tratamento non sexa tecnicamente viable ou non quede xustificado por razóns de protección da saúde humana e do ambiente.

2. As autorizacións das operacións de eliminación de residuos poderán quedar suxeitas á prestación dunha fianza ou outra garantía financeira.

A existencia destas garantías aplicarase sen prexuízo daquelas outras que puideren ser exixibles aos suxeitos responsables da xestión de residuos.

Sección 3.^a Biorresiduos

Artigo 24. *Biorresiduos.*

As autoridades ambientais promoverán, sen prexuízo das medidas que deriven das actuacións que a nivel comunitario se emprendan en cumprimento do último parágrafo do artigo 22 da Directiva 2008/98/CE, medidas que poderán incluír nos plans e programas de xestión de residuos previstos no artigo 14, para impulsar:

a) A recollida separada de biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia, en particular da fracción vexetal, os biorresiduos de grandes xeradores e os biorresiduos xerados nos fogares.

b) A compostaxe doméstica e comunitaria.

c) O tratamento de biorresiduos recollidos separadamente de forma que se logre un alto grao de protección do ambiente levado a cabo en instalacións específicas sen que se produza a mestura con residuos mesturados ao longo do proceso. De ser o caso, a autorización deste tipo de instalacións deberá incluír as prescricións técnicas para o correcto tratamento dos biorresiduos e a calidade dos materiais obtidos.

d) O uso do compost producido a partir de biorresiduos e ambientalmente seguro no sector agrícola, a xardinaría ou a rexeneración de áreas degradadas, en substitución doutras emendas orgánicas e fertilizantes minerais.

Sección 4.^a Traslado de residuos

Artigo 25. Réxime dos traslados de residuos no interior do territorio do Estado.

1. Enténdese por traslado de residuos no interior do territorio do Estado, para os efectos desta lei, o transporte de residuos desde unha comunidade autónoma a outra, para a súa valorización ou eliminación.

Os traslados de residuos no interior do Estado rexeranse polo disposto nesta lei, en especial no que se refire á vixilancia, inspección, control e réxime sancionador.

Os traslados de residuos destinados á eliminación e os traslados de residuos domésticos mesturados destinados á valorización efectuaranse tendo en conta os principios de autosuficiencia e proximidade.

2. Todo traslado de residuos deberá ir acompañado dun documento de identificación, para os efectos de seguimento e control.

3. Os operadores que vaian realizar un traslado de residuos para destinalos a operacións de eliminación deberán presentar unha notificación previa ás autoridades competentes da comunidade autónoma de orixe e da de destino.

Así mesmo, deberán presentar unha notificación previa ás mesmas autoridades os operadores que vaian realizar un traslado para a valorización de residuos domésticos mesturados, de residuos perigosos e dos residuos para os que regulamentariamente se determine.

Para os efectos desta lei, entenderase por operador o definido como notificante no artigo 2.15 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo ao traslado de residuos.

4. Cando se presente unha notificación previa a un traslado de residuos destinados á eliminación, os órganos competentes das comunidades autónomas de orixe e de destino, no prazo de 10 días desde a data de notificación da súa recepción, poderanse opor polos motivos mencionados no artigo 11, alíneas b), g), h), i) do citado regulamento comunitario.

5. Cando se presente unha notificación previa a un traslado de residuos destinados á valorización os órganos competentes das comunidades autónomas de orixe e de destino, no prazo de 10 días desde a data da notificación da súa recepción, poderanse opor polos motivos mencionados no artigo 12, alíneas a), b) e k) do citado regulamento comunitario.

Así mesmo, poderanse opor á entrada de residuos destinados aos incineradores que estean clasificados como valorización cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que os traslados tiveren como consecuencia que os residuos producidos na comunidade autónoma de destino tiveren que ser eliminados.

b) Que os traslados tiveren como consecuencia que os residuos da comunidade autónoma de destino tiveren que ser tratados de maneira que non for compatible cos seus plans de xestión de residuos.

6. Os números 4 e 5 non serán de aplicación aos residuos suxeitos aos requisitos de información xeral previstos no artigo 3, números 2 e 4, do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006.

7. Os residuos que se trasladen dunha comunidade autónoma a outra para o seu tratamento, computaranse na comunidade autónoma de orixe, para os efectos do cumprimento dos obxectivos contidos no seu plan autonómico de xestión de residuos.

8. As decisións que adopten as comunidades autónomas en aplicación dos números 4 e 5 serán motivadas, notificadas á Comisión de coordinación en materia de residuos, e non poderán ser contrarias ao Plan nacional marco de xestión de residuos.

Artigo 26. *Entrada e saída de residuos do territorio nacional.*

1. A entrada e saída de residuos do territorio nacional, así como o tránsito por el, rexeráse polo disposto no Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño, o Regulamento (CE) n.º 1418/2007 da Comisión, do 29 de novembro de 2007, relativo á exportación, con fins de valorización, de determinados residuos enumerados nos anexos III ou IIIA do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño, a determinados países aos cales non é aplicable a Decisión da OCDE sobre o control dos movementos transfronteirizos de residuos, polo resto da lexislación comunitaria e polos tratados internacionais nos que España sexa parte.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá prohibir, de forma motivada, a expedición de residuos con destino a países terceiros non comunitarios cando exista algunha razón para prever que non van ser xestionados no país de destino sen pór en perigo a saúde humana ou sen prexudicar o ambiente.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá prohibir, de forma motivada, toda importación de residuos procedentes de países terceiros cando exista algunha razón para prever que os residuos non van ser xestionados sen pór en perigo a saúde humana ou sen prexudicar o ambiente, durante o transporte ou o seu posterior tratamento.

3. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nos traslados procedentes de países terceiros, e as comunidades autónomas, nos supostos de traslados no interior da Unión Europea, poderán limitar os traslados entrantes de residuos destinados aos incineradores que estean clasificados como valorización, cando establecese que os ditos traslados terían como consecuencia que os residuos nacionais terían que ser eliminados ou que estes residuos terían que ser tratados dunha maneira que non fose compatible cos plans de xestión de residuos regulados no artigo 14.

As decisións que neste sentido adopten as comunidades autónomas deberán ser notificadas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal o notificará á Comisión Europea.

4. Co obxecto de dar prioridade á rexeneración dos aceites industriais usados, as autoridades competentes poderán restrinxir a saída do territorio nacional de aceites usados con destino a instalacións de incineración ou co-incineración conforme as obxeccións previstas nos artigos 11 ao 12 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006.

5. Nos traslados de residuos que, de conformidade co artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006, deban ir acompañados do documento que figura no anexo VII do citado regulamento, a persoa que organice o traslado deberá subministrar, para os efectos de inspección, execución, estatística e planificación, o dito documento:

a) no caso de traslados de residuos desde ou cara a países terceiros non pertencentes á Unión Europea, ás autoridades alfandagueiras e ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

b) no caso de traslados de residuos desde ou cara a países da Unión Europea, á autoridade competente en materia de traslados de residuos na comunidade autónoma de orixe ou destino do traslado, a cal, pola súa vez, a facilitará ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Naqueles casos en que así o requira a lexislación comunitaria e nacional, esta información será tratada como información confidencial.

CAPÍTULO III

Réxime de autorización e comunicación das actividades de produción e xestión de residuos

Artigo 27. *Autorización das operacións de tratamento de residuos.*

1. Quedan sometidas ao réxime de autorización polo órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde están situadas, as instalacións onde vaian desenvolverse operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento no ámbito da recollida en espera de tratamento, así como a ampliación, modificación substancial ou traslado da dita instalación.

2. Así mesmo, deberán obter autorización as persoas físicas ou xurídicas para realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos. Estas autorizacións serán concedidas polo órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio os solicitantes e serán válidas para todo o territorio español. As comunidades autónomas non poderán condicionar o outorgamento da autorización prevista neste punto a que o solicitante conte con instalacións para o tratamento de residuos no seu territorio.

3. Naqueles casos en que a persoa física ou xurídica que solicite a autorización para realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos sexa titular da instalación de tratamento onde se vaian desenvolver as ditas operacións, o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde estea situada a instalación concederá unha soa autorización que comprenda a da instalación e a das operacións de tratamento.

4. As solicitudes de autorización previstas neste artigo conterán, cando menos, a información indicada no anexo VI.

As autorizacións previstas neste artigo terán o contido descrito no anexo VII.

5. Para a concesión destas autorizacións os órganos administrativos competentes realizarán, por si mesmos ou co apoio das entidades colaboradoras debidamente recoñecidas conforme as normas que lles sexan de aplicación, as inspeccións previas e as comprobacións necesarias en cada caso. En particular, comprobarán:

- a) A adecuación das instalacións ás operacións de tratamento previstas nelas.
- b) O cumprimento dos requisitos técnicos, profesionais ou de calquera outro tipo para levar a cabo a dita actividade pola empresa que vai realizar as operacións de tratamento de residuos.
- c) Que o método de tratamento previsto é aceptable desde o punto de vista da protección do ambiente. En particular, cando o método non se axuste aos principios de protección da saúde humana e ambiente previstos no artigo 7, denegarase a autorización.
- d) Que as operacións de incineración ou de co-incineración con valorización enerxética se realicen cun alto nivel de eficiencia enerxética; no caso de tratarse de residuos domésticos, o nivel de eficiencia enerxética debe axustarse aos niveis fixados no anexo II desta lei.

6. As autorizacións contidas neste artigo poderán integrarse nas autorizacións obtidas conforme outra normativa comunitaria, estatal ou autonómica, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nesta lei.

7. A autorización prevista no número 1 deste artigo para as instalacións de tratamento de residuos quedará integrada na autorización ambiental integrada concedida conforme a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) da Lei 16/2002, do 1 de xullo. A autoridade competente incorporará a información pertinente no seu rexistro de produción e xestión de residuos nos termos do artigo 39.

8. As autorizacións previstas neste artigo concederanse por un prazo máximo de 8 anos, pasado o cal se renovarán automaticamente por períodos sucesivos, e serán inscritas pola comunidade autónoma no rexistro de produción e xestión de residuos.

9. A transmisión das autorizacións estará suxeita á comprobación previa, por parte da autoridade competente, de que as operacións de tratamento de residuos e as instalacións en que aquelas se realizan cumpren co regulado nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

10. O prazo máximo para ditar a resolución que poña fin aos procedementos de autorización previstos neste artigo será de dez meses. Transcorrido o prazo previsto sen terse notificado resolución expresa entenderase desestimada a solicitude presentada.

Artigo 28. *Exencións dos requisitos de autorización.*

1. Poderán quedar exentas de autorización as entidades ou empresas que leven a cabo a eliminación dos seus propios residuos non perigosos no lugar de produción ou que valoricen residuos non perigosos.

2. Para conceder as exencións de autorización previstas no número anterior estableceranse con respecto a cada tipo de actividade normas xerais que especifiquen os tipos e cantidades de residuos aos cales se poderá aplicar a dita exención, así como os métodos de tratamento que deban empregarse.

As ditas normas garantirán que o tratamento do residuo se realizará sen pór en perigo a saúde das persoas e sen danar o ambiente. No caso das operacións de eliminación previstas no número 1, as ditas normas deberán ter en conta as mellores técnicas dispoñibles.

3. As normas previstas no número anterior serán aprobadas mediante orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, unha vez analizada a proposta pola Comisión de coordinación en materia de residuos, e será informada disto a Comisión Europea.

Artigo 29. *Comunicación previa ao inicio das actividades de produción e xestión de residuos.*

1. Sen prexuízo do disposto noutra normativa de carácter sectorial, deberán presentar unha comunicación previa ao inicio das súas actividades, ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde estean radicadas, as entidades ou empresas que se encontren nalgún dos supostos que se enuncian a seguir:

a) instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado de industrias ou actividades que produzan residuos perigosos, ou que xeren máis de 1000 t/ano de residuos non perigosos;

b) realización de actividades que estean exentas de autorización segundo o establecido no artigo 28.

2. Así mesmo, deberán presentar unha comunicación previa ao inicio das súas actividades, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde teñan a súa sede social, as entidades ou empresas que recollan residuos sen unha instalación asociada, as que transporten residuos con carácter profesional e os negociantes ou axentes.

3. A comunicación terá o contido indicado no anexo VIII, será válida en todo o territorio nacional e será inscrita, pola comunidade autónoma ante a cal se presentase, no seu respectivo rexistro. Esta información incorporarase ao Rexistro de produción e xestión de residuos, previsto no artigo 39.

4. Quedan exentas de presentar comunicación aquelas empresas que obtivesen autorización para o tratamento de residuos e que como consecuencia da súa actividade produzan residuos. Non obstante, terán a consideración de produtores de residuos para os demais efectos regulados nesta lei.

Artigo 30. *Restablecemento da legalidade ambiental.*

1. Co fin de asegurar o cumprimento do previsto nesta lei, a autoridade competente poderá adoptar algunha das seguintes medidas:

a) O peche do establecemento ou a paralización da actividade cando estes non contengan coas autorizacións, declaracións ou rexistro correspondentes.

b) A suspensión temporal da actividade cando non se axuste ao declarado ou ás condicións impostas pola citada autoridade, sempre que disto derive un risco grave para o ambiente ou a saúde pública, durante o período necesario para que se emenden os defectos que puideren existir.

2. Os actos previstos no número anterior non terán consideración de sanción e dítaranse e tramítaranse conforme o disposto na normativa autonómica para os procedementos para o restablecemento da legalidade ambiental ou, de ser o caso, para os procedementos que regulen a concesión da autorización, declaración ou rexistro que deba concederse.

TÍTULO IV

Responsabilidade ampliada do produtor do produto

Artigo 31. *Concepto e obrigas.*

1. Para os efectos deste artigo entenderase por produtor do produto a persoa física ou xurídica que, de forma profesional, desenvolva, fabrique, procese, trate, venda ou importe produtos segundo se determine nas normas de desenvolvemento da responsabilidade ampliada do produtor previstas no número 2.

2. En aplicación da responsabilidade ampliada e coa finalidade de promover a prevención e de mellorar a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, os produtores de produtos que co uso se converten en residuos poderán ser obrigados a:

a) Diseñar produtos de maneira que ao longo de todo o seu ciclo de vida se reduza o seu impacto ambiental e a xeración de residuos, tanto na súa fabricación como no seu uso posterior, e de maneira que se asegure que a valorización e eliminación dos produtos que se converteron en residuos se desenvolva de conformidade co establecido nesta lei.

b) Desenvolver, producir, etiquetar e comercializar produtos aptos para usos múltiples, duradeiros tecnicamente e que, tras terse convertido en residuos, sexa fácil e clara a súa separación e poidan ser preparados para a súa reutilización ou reciclaxe dunha forma adecuada e sen riscos e a unha valorización e eliminación compatible co ambiente.

c) Aceptar a devolución de produtos reutilizables, a entrega dos residuos xerados tras o uso do produto; a asumir a subseguinte xestión dos residuos e a responsabilidade financeira destas actividades, ofrecer información ás instalacións de preparación para a reutilización sobre reparación e desmantelamento, así como información accesible ao público sobre en qué medida o produto é reutilizable e reciclable.

d) Establecer sistemas de depósito que garantan a devolución das cantidades depositadas e o retorno do produto para a súa reutilización ou do residuo para o seu tratamento.

e) Responsabilizarse total ou parcialmente da organización da xestión dos residuos, podendo establecerse que os distribuidores do dito produto compartan esta responsabilidade.

f) Utilizar materiais procedentes de residuos na fabricación de produtos.

g) Proporcionar información sobre a posta no mercado de produtos que co uso se converten en residuos e sobre a xestión destes, así como realizar análises económicas ou auditorías.

h) Informar sobre a repercusión económica no produto do cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada.

3. O establecemento destas medidas levarase a cabo mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros, tendo en conta a súa viabilidade técnica e económica, o

conxunto de impactos ambientais e sobre a saúde humana, e respectando a necesidade de garantir o correcto funcionamento do mercado interior.

No caso específico dos envases e residuos de envases para a implantación dun sistema de depósito, devolución e retorno, así como para a determinación do seu contido e alcance, valorarase ademais con carácter previo o grao de cumprimento dos obxectivos mínimos de reutilización e reciclaxe establecidos polas directivas europeas para envases en xeral, e o cumprimento doutras normas da Unión Europea, así como as expectativas viables de superalos, e teranse en conta con especial consideración as circunstancias e posibilidades reais das pequenas e medianas empresas.

4. Na regulación específica de cada fluxo de residuos poderase impor a obriga de inscrición dos produtores de produtos no Rexistro Integrado Industrial.

5. A responsabilidade ampliada do produtor aplicarase sen prexuízo da responsabilidade da xestión de residuos establecida no artigo 20 desta lei e da lexislación en vigor sobre fluxos de residuos e produtos específicos.

Artigo 32. Xestión de residuos no marco da responsabilidade ampliada do produtor do produto.

1. Darase cumprimento ás obrigas que se establezan no marco da responsabilidade ampliada do produtor do produto de forma individual ou de forma colectiva. Onde se implantasen sistemas públicos de xestión, os produtores poderán dar cumprimento a estas obrigas contribuíndo economicamente aos ditos sistemas, de forma proporcional ás cantidades de produto que poñan no mercado e atendendo aos custos efectivos da súa xestión.

2. Os produtores que opten por un sistema individual deberán presentar unha comunicación previa ao inicio das actividades, indicando o seu funcionamento e as medidas que aplicarán para o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada. Esta comunicación presentarase ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social e inscribírase no Rexistro de produción e xestión de residuos. O contido da comunicación será o previsto no anexo IX.

3. Os produtores que opten por un sistema colectivo para o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada constituirán unha asociación das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou outra entidade con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro. A admisión dun novo produtor establecerase en función de criterios obxectivos. O dereito de voto de cada partícipe determinarase mediante tramos ou intervalos en función da cantidade de produtos que este pon no mercado en relación cos que pon o conxunto dos partícipes.

Os sistemas colectivos deberán solicitar unha autorización previa ao inicio da súa actividade. O contido mínimo da solicitude será o previsto no anexo X e presentarase ante o órgano competente da comunidade autónoma onde o sistema teña previsto establecer a súa sede social.

Unha vez comprobada a integridade documental do expediente, a solicitude de autorización será remitida á Comisión de coordinación en materia de residuos para o seu informe con carácter previo á resolución da comunidade autónoma. Esta comunidade autónoma concederá, se procede, a autorización na que se fixarán as condicións de exercicio. A autorización inscribírase no Rexistro de produción e xestión de residuos. As condicións de exercicio e a autorización deberán axustarse aos principios previstos no artigo 9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. O prazo máximo para a tramitación da autorización será de seis meses prorrogables, de maneira motivada, por razóns derivadas da complexidade do expediente; a dita prórroga poderá facerse por unha soa vez, por un tempo limitado e antes de que expirase o prazo orixinal. Transcorrido o prazo sen terse notificado resolución expresa entenderase desestimada a solicitude presentada.

Para actuar noutras comunidades autónomas, o sistema colectivo deberá solicitar autorización aos restantes órganos autonómicos competentes e achegar a documentación que acredite que dispón dunha autorización. Se estes órganos non se pronuncian en

sentido contrario nun prazo de dous meses, entenderase que o sistema colectivo cumpre coas condicións para o exercicio da súa actividade na comunidade autónoma de que se trate e poderá iniciar a dita actividade; se consideran necesario establecer algún requisito específico notificarano ao interesado e continuarán a tramitación da solicitude da autorización. Calquera destas circunstancias inscribírase no Rexistro de produción e xestión de residuos.

O contido e a vixencia da autorización será o que estableza a regulación específica. Cando non se indique o prazo de vixencia, a autorización terá unha duración de cinco anos e renovarase seguindo o establecido neste punto. A autorización non poderá transmitirse a terceiros.

Durante a vixencia das autorizacións, a Comisión de coordinación en materia de residuos poderá realizar o seguimento do cumprimento das autorizacións e das condicións de exercicio.

4. O sistema colectivo de responsabilidade ampliada poderá dar cumprimento ás súas obrigas por si mesmo ou poderá constituír ou contratar unha entidade administradora que deberá ter personalidade xurídica propia e diferenciada da do sistema colectivo e que actuará baixo a dirección deste.

No cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor, o sistema colectivo e, de ser o caso, a entidade administradora respectarán os principios de publicidade, concorrencia e igualdade co fin de garantir a libre competencia, así como os principios de protección da saúde humana, dos consumidores, do ambiente e de xerarquía de residuos.

5. Os sistemas individuais e colectivos estarán obrigados a:

a) Cumprir co establecido nas súas normas específicas, así como no resto das normas que lles resulten aplicables con carácter xeral.

b) Organizar a recollida en todo o territorio estatal de todos os residuos xerados polos produtos que puxeron no mercado. Para isto poderán acollerse a unha entidade ou empresa pública de recollida e poderán subscribir acordos con outros sistemas de responsabilidade ampliada para coordinar a organización da xestión.

c) Subministrar ás comunidades autónomas anualmente a información que regulamentariamente se estableza relativa aos residuos xestionados, a relación das entidades ou empresas, ou de ser o caso das entidades locais, que realicen a xestión dos residuos, así como un informe dos pagamentos efectuados a estas entidades ou empresas en relación con estas actividades.

d) Subscribir as fianzas, seguros ou garantías financeiras que se establezan en cada caso nos reais decretos que regulen a responsabilidade ampliada do produtor en cada fluxo de residuos.

e) Subscribir acordos coas administracións cando estas interveñan na organización da xestión dos residuos.

f) Subscribir acordos ou contratos cos xestores de residuos, ou de ser o caso con outros axentes económicos.

g) No caso en que se repercuta unha cantidade no prezo dos produtos destinada a cubrir o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor, a dita cantidade non poderá superar o custo destas obrigas.

h) As achegas dos produtores ao sistema colectivo, cando se establezan, deberán cubrir en todo caso as obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor.

i) Os sistemas colectivos deberán comunicar con antelación a todos os integrantes do sistema e á Comisión de coordinación en materia de residuos a previsión de modificación dos custos da xestión dos residuos.

j) Os sistemas colectivos deberán presentar cada ano á Comisión de coordinación en materia de residuos as súas contas anuais auditadas externamente e aprobadas; nelas reflectiranse as achegas dos produtores ao sistema colectivo e a xustificación do seu destino ao cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor; así mesmo, presentarán o seu orzamento para o ano seguinte. A Comisión poderá solicitar a información complementaria que coide necesaria.

k) Salvagardar a confidencialidade da información que os membros do sistema achegasen para o funcionamento do sistema colectivo e que poida resultar relevante para a súa actividade produtiva ou comercial.

6. Os distribuidores de produtos e outros axentes económicos cumprirán coas obrigas que estableza a normativa de cada fluxo de residuos derivado dos seus produtos.

TÍTULO V

Solos contaminados

Artigo 33. *Actividades potencialmente contaminantes.*

1. O Goberno aprobará e publicará unha lista de actividades potencialmente contaminantes de solos.

2. Os titulares destas actividades deberán remitir periodicamente á comunidade autónoma correspondente os informes nos que figure a información que poida servir de base para a declaración de solos contaminados.

Os propietarios dos predios en que se realizase algunha das actividades potencialmente contaminantes estarán obrigados, con motivo da súa transmisión, a declaralo en escritura pública. Este feito será obxecto de nota marxinal no Rexistro da Propiedade.

Artigo 34. *Declaración de solos contaminados.*

1. As comunidades autónomas declarararán e delimitarán os solos contaminados, debido á presenza de compoñentes de carácter perigoso procedentes das actividades humanas, avaliando os riscos para a saúde humana ou o ambiente, de acordo cos criterios e estándares que, establecidos en función da natureza dos solos e dos seus usos, determine o Goberno logo de consulta ás comunidades autónomas.

2. A declaración de solo contaminado incluírá, cando menos, a información contida no número 1 do anexo XI.

3. A declaración dun solo como contaminado obrigará a realizar as actuacións necesarias para proceder á súa limpeza e recuperación, na forma e prazos en que determinen as respectivas comunidades autónomas, e será obxecto de nota marxinal no Rexistro da Propiedade, por iniciativa da respectiva comunidade autónoma nos termos que regulamentariamente determine o Goberno. Esta nota marxinal cancelárase cando a comunidade autónoma correspondente declare que o solo deixou de ter tal consideración.

4. A declaración dun solo como contaminado pode comportar a suspensión da executividade dos dereitos de edificación e outros aproveitamentos do solo no caso de resultaren incompatibles coas medidas de limpeza e recuperación do terreo que se establezan, ata que estas se leven a cabo ou se declare o solo como non contaminado.

Artigo 35. *Inventarios de solos contaminados.*

1. As comunidades autónomas elaborarán un inventario cos solos declarados como contaminados. Estes inventarios conterán, cando menos, a información que se recolle no anexo XI e remitiranse ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño no prazo dun ano desde a data de entrada en vigor desta lei. Anualmente remitirase a información actualizada.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño elaborará o inventario estatal de solos contaminados a partir da información remitida polas comunidades autónomas.

3. As comunidades autónomas elaborarán unha lista de prioridades de actuación en materia de descontaminación de solos en función do risco que supoña a contaminación para a saúde humana e o ambiente.

4. As comunidades autónomas declararán que un solo deixou de estar contaminado tras a comprobación de que se realizaron de forma adecuada as operacións de descontaminación e recuperación del e incluirán esta declaración no inventario.

Artigo 36. *Suxeitos responsables da descontaminación e recuperación de solos contaminados.*

1. Estarán obrigados a realizar as operacións de descontaminación e recuperación reguladas no artigo anterior, logo de requirimento das comunidades autónomas, os causantes da contaminación, os cales, cando sexan varios, responderán destas obrigas de forma solidaria e, subsidiariamente, por esta orde, os propietarios dos solos contaminados e os posuidores deles.

Nos supostos de bens de dominio público en réxime de concesión, responderán subsidiariamente en defecto do causante ou causantes da contaminación, por esta orde, o posuidor e o propietario.

As obrigas previstas neste punto enténdense sen prexuízo do establecido nos artigos 54 e 55.

2. Os responsables subsidiarios poderán repercutir o custo das actuacións que levasen a cabo na recuperación dun solo declarado contaminado ao causante ou causantes da contaminación.

A recuperación dos custos de descontaminación non poderá exixirse por encima dos niveis de contaminación asociados ao uso do solo no momento en que se produciu a contaminación por parte do causante.

3. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas pecuniarias que resulten desta lei os suxeitos que se recollen no artigo 13 da Lei 26/2007, do 24 de outubro, de responsabilidade ambiental, nos termos que o dito artigo establece.

4. Se as operacións de descontaminación e recuperación de solos contaminados foren realizarse con financiamento público, só se poderán recibir axudas co compromiso previo de que as posibles plusvalías que adquiren os solos reverterán na contía subvencionada en favor da Administración pública que financíase as citadas axudas.

Artigo 37. *Reparación en vía convencional de solos contaminados.*

As actuacións para proceder á limpeza e recuperación dos solos declarados como contaminados poderán levarse a cabo mediante acordos subscritos entre os obrigados a realizar as ditas operacións e autorizados polas comunidades autónomas, mediante convenios de colaboración entre aqueles e as administracións públicas competentes, ou, de ser o caso, mediante os contratos previstos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. En todo caso, os custos de limpeza e recuperación dos solos contaminados correrán por conta do obrigado en cada caso a realizar as ditas operacións.

Os convenios de colaboración poderán concretar incentivos económicos que poidan servir de axuda para financiar os custos de limpeza e recuperación de solos contaminados.

O establecemento de incentivos económicos para axudar a financiar os custos de limpeza e recuperación deberá realizarse de conformidade co establecido no punto 4 do artigo 36. Os convenios de colaboración que se subscriban coa Administración, en especial cando a Administración sexa corresponsable da contaminación do solo, incluirán criterios claros sobre estes incentivos.

Artigo 38. *Recuperación voluntaria de solos.*

A descontaminación do solo para calquera uso previsto deste poderá levarse a cabo, sen a declaración previa do solo como contaminado, mediante un proxecto de recuperación voluntaria aprobado polo órgano competente da comunidade autónoma. Tras a execución do proxecto acreditarase que a descontaminación se levou a cabo nos termos previstos no proxecto. A Administración competente levará un rexistro administrativo das descontaminacións que se produzan por vía voluntaria.

TÍTULO VI

Información sobre residuos*Artigo 39. Rexistro de produción e xestión de residuos.*

1. As comunicacións e autorizacións que deriven desta lei e as súas normas de desenvolvemento serán inscritas polas comunidades autónomas nos seus respectivos rexistros. Esta información incorporárase ao Rexistro de produción e xestión de residuos, que será compartido e único en todo o territorio nacional. Para os efectos desta lei, as empresas cuxa comunicación ou autorización estea inscrita no Rexistro terán a consideración de entidades ou empresas rexistradas.

O Rexistro de produción e xestión de residuos desenvolverase regulamentariamente logo de consulta ás comunidades autónomas e será público nos termos que se establezan.

2. Cando sexa posible, a información rexistrada por un órgano competente será utilizada por outra administración pública nos seus rexistros co fin de reducir as cargas administrativas.

Artigo 40. Arquivo cronolóxico.

As persoas físicas ou xurídicas rexistradas disporán dun arquivo físico ou telemático onde se recolla por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos; cando proceda, inscribirase tamén o medio de transporte e a frecuencia de recollida.

No arquivo cronolóxico incorporárase a información contida na acreditación documental das operacións de produción e xestión de residuos.

Gardarase a información arquivada durante, cando menos, tres anos.

Artigo 41. Obrigas de información.

1. As persoas físicas ou xurídicas que obtivesen unha autorización enviarán anualmente ás comunidades autónomas e, no caso dos residuos de competencia municipal, ademais, ás entidades locais competentes, unha memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico co contido que figura no anexo XII. Aquelas que realizasen unha comunicación das previstas nesta lei manterán o arquivo cronolóxico á disposición das autoridades competentes para efectos de inspección e control.

As comunidades autónomas, coa colaboración das entidades locais, manterán actualizada a información sobre a xestión dos residuos no seu ámbito competencial. A dita información debe incluír as infraestruturas dispoñibles e, en cada unha delas, a cuantificación e caracterización dos residuos entrantes e saíntes, e os destinos concretos de valorización ou eliminación dos residuos saíntes.

2. As comunidades autónomas intercambiarán entre si e remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as informacións necesarias para cumprir coas obrigas establecidas na lexislación nacional, comunitaria e internacional. Tamén informarán dos plans de xestión de residuos e dos programas de prevención de residuos previstos nos artigos 14 e 15 unha vez adoptados, así como de calquera revisión substancial deles. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño informará a Comisión Europea dos programas nacionais de prevención de residuos e dos plans nacionais de xestión de residuos unha vez adoptados, e de calquera revisión substancial dos plans e programas.

3. En materia de solos contaminados, as comunidades autónomas remitirán os datos necesarios para cumprir coas obrigas recollidas que regulamentariamente determine o Goberno. Así mesmo, informarán o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, dos datos necesarios para cumprir coas obrigas de información a nivel nacional, comunitario e internacional en materia de contaminación de solos. A dita información conterá, como mínimo, os datos recollidos no anexo XI, número 2.

4. Cada tres anos o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá á Comisión Europea información sobre a aplicación da Directiva 2008/98/CE, do 19 de

novembro de 2008, en forma dun informe sectorial en versión electrónica. Este informe conterá tamén información sobre a xestión dos aceites usados e sobre os progresos realizados na aplicación dos programas de prevención de residuos, e, segundo proceda, información sobre medidas, como prevé o título IV sobre responsabilidade ampliada do produtor do produto.

5. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá á Comisión Europea toda a información que proceda en aplicación desta lei e da Directiva marco de residuos.

TÍTULO VII

Responsabilidade, vixilancia, inspección, control e réxime sancionador

CAPÍTULO I

Responsabilidade, vixilancia, inspección e control

Artigo 42. Alcance da responsabilidade en materia de residuos.

Os residuos terán sempre un responsable do cumprimento das obrigas que derivan da súa produción e xestión, calidade que corresponde ao produtor ou a outro posuidor inicial ou ao xestor de residuos, nos termos previstos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento. Estes suxeitos poderán exercer accións de repetición cando os custos en que tiveren incorrido deriven dos incumprimentos legais ou contractuais doutras persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 43. Competencias e medios de vixilancia, inspección e control.

1. As funcións de vixilancia, inspección e control do correcto cumprimento do previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento serán exercidas polas autoridades administrativas no seu correspondente ámbito competencial en materia de residuos e de seguridade cidadá. As funcións de inspección deberán ser levadas a cabo mediante os corpos de inspección debidamente recoñecidos conforme as normas que lles sexan de aplicación.

2. As autoridades competentes dotaranse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas de vixilancia, inspección e control que derivan do réxime de autorizacións, comunicacións e inspeccións previsto nesta norma.

3. As funcións de vixilancia, inspección e control poderán ser levadas a cabo co apoio de entidades colaboradoras debidamente recoñecidas conforme as normas que lles sexan de aplicación.

Artigo 44. Inspección.

1. As entidades e empresas que leven a cabo operacións de tratamento de residuos, as que recollan ou transporten residuos con carácter profesional, os axentes e negociantes e os establecementos e empresas que produzan residuos, estarán suxeitos ás inspeccións periódicas que as autoridades competentes consideren adecuadas.

Así mesmo, os sistemas de aplicación da responsabilidade ampliada do produtor do produto estarán suxeitos ás inspeccións periódicas adecuadas efectuadas polas autoridades competentes no territorio en que desenvolvesen a súa actividade.

O órgano competente poderá comprobar en calquera momento que se cumpren os requisitos para o mantemento das autorizacións outorgadas e para continuar a actividade prevista nas comunicacións segundo o previsto nesta lei; en caso de que non for así poderase suspender a autorización ou paralizar provisoriamente a actividade prevista na comunicación e proporanse as medidas que se deberán adoptar ou, de ser o caso, poderase revogar a autorización ou paralizar definitivamente a actividade.

O custo das inspeccións previas á concesión de autorizacións poderá ser imputado aos solicitantes destas, conforme a correspondente taxa.

2. Os titulares das entidades e empresas mencionadas no número 1 estarán obrigados a prestar toda a colaboración ás autoridades competentes, incluída a posta á disposición do arquivo cronolóxico a que se refire o artigo 40, debidamente actualizado, co fin de lles permitir realizar os exames, controis, toma de mostras, recollida de información, comprobación da documentación e calquera outra operación para o cumprimento da súa misión.

3. As inspeccións das operacións de recollida e transporte cubrirán a orixe, a natureza, a cantidade e o destino dos residuos recollidos e transportados.

4. As autoridades competentes poderán tomar en consideración os rexistros efectuados de acordo co sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ou outros equivalentes, especialmente no que se refire á frecuencia e intensidade das inspeccións.

CAPÍTULO II

Réxime sancionador

Artigo 45. *Suxeitos responsables das infraccións.*

1. Poderán ser sancionadas polos feitos constitutivos das infraccións administrativas recollidas neste capítulo as persoas físicas ou xurídicas que os cometan, de acordo co establecido nesta lei e sen prexuízo, de ser o caso, das correspondentes responsabilidades civís, penais e ambientais.

2. Cando o cumprimento do establecido nesta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das sancións pecuniarias, de conformidade co disposto no artigo 130.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A responsabilidade será solidaria, en todo caso, nos seguintes supostos:

a) Cando o produtor, o posuidor inicial ou o xestor de residuos os entregue a persoa física ou xurídica distinta das sinaladas nesta lei.

b) Cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un na realización da infracción.

4. Cando os danos causados ao ambiente se produzan por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, a Administración competente poderá imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos.

Artigo 46. *Infraccións.*

1. As accións ou omisións que contraveñan esta lei terán o carácter de infraccións administrativas, sen prexuízo das que poidan establecer as comunidades autónomas como desenvolvemento dela. Estas infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. En todo caso, para os efectos desta lei, consideraranse infraccións moi graves:

a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei sen a preceptiva comunicación ou autorización, ou con ela caducada ou suspendida, así como o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións ou da información incorporada na comunicación, sempre que supuxese perigo grave ou dano para a saúde das persoas, se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.

b) A actuación en forma contraria ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que supuxese perigo grave ou dano para a saúde das persoas, se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.

- c) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolados de residuos perigosos.
- d) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de calquera outro tipo de residuos, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- e) O incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisionais previstas no artigo 53.
- f) A ocultación ou a alteración intencionadas de datos achegados aos expedientes administrativos para a obtención de autorizacións, permisos ou licenzas, ou de datos contidos nas comunicacións relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta lei.
- g) A elaboración, importación ou adquisición intracomunitaria de produtos con substancias ou preparados prohibidos pola perigosidade dos residuos que xeran.
- h) A non realización das operacións de limpeza e recuperación cando un solo fose declarado como contaminado, tras o correspondente requirimento da comunidade autónoma ou o incumprimento, de ser o caso, das obrigas derivadas de acordos voluntarios ou convenios de colaboración para a reparación en vía convencional dos solos contaminados.
- i) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia disto se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- j) A entrada no territorio nacional de residuos perigosos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea ou dun país terceiro, así como a saída de residuos perigosos cara aos citados lugares, sen obter os permisos e autorizacións exixidos pola lexislación comunitaria ou os tratados ou convenios internacionais dos que España sexa parte, ou sen cumprir a obriga establecida no artigo 26.5 desta lei.
- k) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación deles en condicións distintas das que aparezan nas correspondentes autorizacións e comunicacións, ou nas normas establecidas nesta lei.
- l) A elaboración, a posta no mercado ou a utilización de produtos ou envases no ámbito da responsabilidade ampliada do produtor do produto, incumprindo as obrigas que deriven desta lei e das súas normas de desenvolvemento e das condicións impostas na autorización, cando como consecuencia disto se perturbe gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do ambiente ou a seguridade dos consumidores.

3. Para os efectos desta lei consideraranse infraccións graves:

- a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei sen a preceptiva comunicación ou autorización, ou con ela caducada ou suspendida, así como o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións ou da información incorporada na comunicación, sen que supuxese un perigo grave ou un dano para a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- b) A actuación en forma contraria ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen que supuxese un perigo grave ou un dano para a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- c) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolados de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.
- d) O incumprimento da obriga de proporcionar documentación, a ocultación ou falseamento de datos exixidos pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas na autorización, así como o incumprimento da obriga de custodia e mantemento da dita documentación.
- e) A falta de constitución de fianzas ou garantías, ou da súa renovación, cando sexan obrigatorias.

f) O incumprimento das obrigas derivadas dos convenios e acordos que se establezan en materia de responsabilidade ampliada do produtor do produto, en relación coa produción e xestión de residuos e no ámbito de solos contaminados.

g) A entrada no territorio nacional de residuos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea ou dun país terceiro, así como a saída de residuos cara aos citados lugares, sen obter os permisos e autorizacións exixidos pola lexislación comunitaria ou os tratados ou convenios internacionais dos que España sexa parte, ou sen cumprir a obriga establecida no artigo 26.5 desta lei.

h) No caso de traslado intracomunitario e de importacións de residuos desde países terceiros, o incumprimento da obriga de emisión do certificado de valorización ou eliminación intermedia ou definitiva dos residuos, no prazo máximo e nos termos establecidos nos artigos 15 e 16 do Regulamento 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006.

i) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control das administracións públicas, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas no artigo 44.2.

j) A falta de etiquetaxe, a etiquetaxe incorrecta ou parcial dos envases que conteñan residuos perigosos.

k) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia disto non se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

l) A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación deles en condicións distintas das que aparezan nas correspondentes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei.

m) A elaboración, a posta no mercado ou a utilización de produtos ou envases no ámbito da responsabilidade ampliada do produtor do produto incumprindo as obrigas que deriven desta lei e das súas normas de desenvolvemento e das condicións impostas na autorización, sempre que non se perturbe gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do ambiente ou a seguridade dos consumidores.

n) A non elaboración dos estudos de minimización de residuos ou dos plans empresariais de prevención previstos nas normas de residuos, así como non atender os requirimentos efectuados polas comunidades autónomas para que sexan modificados ou completados con carácter previo á súa aprobación.

o) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no número 2 de infraccións moi graves cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan esta cualificación.

4. Para os efectos desta lei consideraranse infraccións leves:

a) O atraso na subministración da documentación que haxa que proporcionar á Administración de acordo co establecido pola normativa aplicable, nas estipulacións contidas nas autorizacións ou que deba, de ser o caso, acompañar a comunicación.

b) A comisión dalgunha das infraccións indicadas nos números anteriores cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de moi graves ou graves.

c) Calquera infracción do establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, nas estipulacións contidas nas autorizacións ou no contido da comunicación, cando non estea tipificada como moi grave ou grave.

Artigo 47. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas no artigo 46 darán lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

a) No caso de infraccións moi graves:

1.º Multa desde 45.001 euros ata 1.750.000 euros, excepto se se trata de residuos perigosos, caso en que a multa poderá ser desde 300.001 euros ata 1.750.000 euros.

2.º Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

3.º Nos supostos de infraccións tipificadas nas letras a), b), e), f), i) e k) do artigo 46.2, clausura temporal ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou aparellos, por un prazo máximo de 5 anos, salvagardándose nestes casos os dereitos dos traballadores de acordo co previsto na lexislación laboral.

4.º Nos supostos de infraccións tipificadas nas letras a), b), e), f), g), i) e k) do artigo 46.2, revogación da autorización ou suspensión desta por un tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

b) No caso de infraccións graves:

1.º Multa desde 901 euros ata 45.000 euros excepto se se trata de residuos perigosos, caso en que a multa será desde 9.001 euros ata 300.000 euros.

2.º Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo inferior a un ano.

3.º Nos supostos de infraccións tipificadas nas letras a), b), e), g), i), j), k) e l) do artigo 46.3, revogación da autorización ou suspensión desta por un tempo de ata un ano.

c) As infraccións leves sancionaranse cunha multa de ata 900 euros. Se se trata de residuos perigosos esta será de ata 9.000 euros.

2. Nos supostos das infraccións reguladas nos puntos 46.2.l) e 46.3.m), o órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar tamén, como sanción accesoria, o comiso das mercadorías, caso en que determinará o seu destino final.

Artigo 48. *Gradación das sancións.*

As administracións públicas deberán gardar a debida adecuación entre a sanción e o feito constitutivo da infracción, considerándose especialmente a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta á saúde e seguridade das persoas e do ambiente ou bens protexidos por esta lei, as circunstancias do responsable, o seu grao de intencionalidade, participación e beneficio obtido, a reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidos.

Artigo 49. *Potestade sancionadora.*

1. As administracións públicas exercerán a potestade sancionadora en materia de residuos de acordo coa distribución de competencias que establece o artigo 12.

2. Nos casos en que a potestade sancionadora corresponda á Administración xeral do Estado será exercida por:

a) O director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nos supostos de infraccións leves.

b) O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nos supostos de infraccións graves.

c) O Consello de Ministros, nos supostos de infraccións moi graves.

Nestes casos, a iniciación dos correspondentes procedementos sancionadores será competencia do director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

3. No suposto de abandono, vertedura ou eliminación incontrolados de residuos, así como da súa entrega sen cumprir as condicións previstas nas ordenanzas locais, a potestade sancionadora corresponderá aos titulares das entidades locais.

Artigo 50. *Procedemento.*

As sancións correspondentes imporanse por resolución motivada da autoridade competente, con instrución previa do correspondente expediente e de acordo co previsto

no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 51. *Prescripción das infraccións e sancións.*

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese.

3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foren descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescripción volverá contar se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

5. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

6. O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

7. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 52. *Concorrenza de sancións.*

1. Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Cando o suposto feito infractor puider ser constitutivo de delito ou falta, darase traslado do tanto de culpa ao Ministerio Fiscal, e suspenderase a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite resolución firme que poña fin ao procedemento ou teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente por parte do Ministerio Fiscal. De non terse apreciado a existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

3. Cando un só feito constituía dúas ou máis infraccións conforme esta lei, e outras leis que foren de aplicación, imporáselle ao suxeito infractor a sanción de maior gravidade.

Artigo 53. *Medidas de carácter provisorio.*

1. Iniciado o procedemento sancionador, o titular do órgano competente para resolvelo, por propia iniciativa ou por proposta do instrutor, poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisorio que coide necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puider recaer e evitar o mantemento dos riscos ou danos para a saúde humana e o ambiente. Tales medidas deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das presuntas infraccións, e poderán consistir en:

a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Precintaxe de aparellos, equipamentos ou vehículos.

c) Clausura temporal, parcial ou total, do establecemento.

d) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade pola empresa.

2. Coa mesma finalidade, o órgano competente, nos casos de urxencia e para a protección provisoria dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais imprescindibles con anterioridade á iniciación do procedemento, cos límites e condicións establecidos no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais normativa aplicable, sen que poidan en ningún caso superar o prazo de quince días. Estas medidas poderán incluír a suspensión da autorización e a prohibición do exercicio das actividades comunicadas cando a autoridade competente comprobe que unha empresa non cumpre cos requisitos establecidos na autorización concedida ou na comunicación presentada.

3. Non se poderá adoptar ningunha medida provisoria sen o trámite de audiencia previa aos interesados, salvo que concorran razóns de urxencia que aconsellen a súa adopción inmediata, baseadas na produción dun dano grave para a saúde humana ou o ambiente, ou que se trate do exercicio dunha actividade regulada nesta lei sen a preceptiva autorización ou con ela caducada ou suspendida, caso en que a medida provisoria imposta deberá ser revisada ou ratificada tras a audiencia aos interesados.

No trámite de audiencia previsto neste punto daráselles aos interesados un prazo máximo de quince días para que poidan achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes.

4. As medidas provisionais descritas neste artigo serán independentes das resolucións que sobre a solicitude de adopción de medidas provisionais poidan adoptar os xuíces e tribunais debidas ao exercicio de accións de responsabilidade por persoas lexitimadas.

Artigo 54. *Reparación do dano e indemnización.*

1. Sen prexuízo da sanción que se puider impor, o infractor quedará obrigado á reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como á indemnización dos danos e perdas causados, que poderán ser determinados polo órgano competente. Neste caso deberáselle comunicar ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine.

2. Nos casos de danos ambientais, o infractor estará obrigado á reparación nos termos da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental. A metodoloxía de reparación prevista na Lei 26/2007, do 23 de outubro, poderá aplicarse tamén nos demais supostos de reparación de danos nos termos previstos na súa disposición adicional novena.

Artigo 55. *Multas coercitivas e execución subsidiaria.*

1. Se os infractores non procederen á restauración ou indemnización, de acordo co establecido no artigo 54, e unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, a Administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria. A contía de cada unha das multas coercitivas non superará, de ser o caso, un terzo da multa fixada por infracción cometida.

Así mesmo, nestes casos e no suposto de que non se realicen as operacións de limpeza e recuperación de solos contaminados, poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa custa.

2. A imposición de multas coercitivas exixirá que no requirimento se indique o prazo de que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga. No caso de que, unha vez imposta a multa coercitiva, se mantéña o incumprimento que a motivou, poderá reiterarse por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado. As multas coercitivas son independentes e compatibles coas que se poidan impor en concepto de sanción.

3. A execución forzosa de resolucións que obriguen a realizar as medidas de prevención, de evitación e de reparación de danos ambientais, serán as reguladas polo artigo 47 da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

Artigo 56. *Publicidade.*

Os órganos que exerzan a potestade sancionadora poderán acordar, cando consideren que existen razóns de interese público e a través do procedemento que regulamentariamente determinen, a publicación, no diario oficial correspondente e a través dos medios de comunicación social que consideren oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, así como os nomes e apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, unha vez que as ditas sancións adquirisen o carácter de firmes.

Disposición adicional primeira. *Declaración de utilidade pública e interese social.*

Declárase de utilidade pública e interese social, para efectos da lexislación de expropiación forzosa, o establecemento ou ampliación de instalacións de almacenamento, valorización e eliminación de residuos.

Disposición adicional segunda. *Substitución das bolsas dun só uso.*

1. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para promover os sistemas máis sustentables de prevención, redución e xestión dos residuos de bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable e as súas alternativas, incluídas as accións correspondentes á condición da Administración como consumidor, a través das compras públicas.

2. A biodegradación entenderase conforme a Norma europea EN 13432:2000 «Envases e embalaxes. Requisitos dos envases e embalaxes valorizables mediante compostaxe e biodegradación. Programa de ensaio e criterios de avaliación para a aceptación final do envase ou embalaxe», ou outras equivalentes.

3. Establécese o seguinte calendario de substitución de bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable, tomando como referencia a estimación das postas no mercado en 2007:

- a) Antes de 2013, substitución do 60% das bolsas;
- b) antes de 2015, substitución do 70% das bolsas;
- c) antes de 2016, substitución do 80% das bolsas;
- d) en 2018, substitución da totalidade destas bolsas, con excepción das que se usen para conter peixe, carnes ou outros alimentos perecedoiros, para as cales se establece unha moratoria que será revisada á vista das alternativas dispoñibles. A posta no mercado destas bolsas con posterioridade á data mencionada será sancionada nos termos previstos no artigo 47.1.b).

A partir do 1 de xaneiro de 2015 as bolsas que se distribúan incluírán unha mensaxe alusiva aos efectos que provocan no ambiente. O contido e o formato das ditas mensaxes serán determinados mediante orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. En caso de incumprimento desta previsión serán de aplicación as sancións previstas no artigo 47.1.c).

4. Crearase un grupo de traballo no seo da Comisión de coordinación en materia de residuos especializado para o estudo das propostas sobre a prevención e xestión dos residuos das bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable.

5. Cando os envases mencionados nesta disposición pasen a ser residuos de envases, os seus posuidores deberán entregalos de acordo cos sistemas establecidos en cada caso.

6. Antes do 30 de xuño de 2016 o Goberno elaborará un informe que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do calendario de substitución e a conveniencia de implantar medidas fiscais sobre o consumo das bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable.

Disposición adicional terceira. *Residuos das Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla.*

1. A Administración xeral do Estado establecerá medidas para financiar o custo adicional que implica a valorización dos residuos xerados nas Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla que non puidesen valorizarse *in situ* e que sexan transportados por mar á península ou a outra illa. Estas medidas financeiras deberán ir acompañadas de programas ou medidas específicas de prevención e xestión de residuos que contribúan a minimizar as cantidades obxecto de transporte.

2. As anteriores medidas non alcanzarán o traslado á península daqueles fluxos de residuos aos cales lles resulten de aplicación as obrigas que deriven da responsabilidade ampliada do produtor.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación das leis reguladoras da defensa nacional.*

O establecido nesta lei enténdese sen prexuízo das previsións recollidas na normativa da defensa nacional.

Disposición adicional quinta. *Normas sobre protección da saúde e prevención de riscos laborais.*

A aplicación desta lei realizarase sen prexuízo das disposicións relativas á protección da saúde e á prevención de riscos laborais.

Disposición adicional sexta. *Control de actividades de xestión de residuos relevantes para a seguridade cidadá.*

1. O Ministerio do Interior e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño determinarán de forma conxunta, mediante orde ministerial, as actividades de xestión de residuos que son relevantes para a seguridade cidadá, para os efectos previstos no artigo 12 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.

2. Regulamentariamente determinarase a información complementaria sobre estas actividades, a cal, de ser o caso, deberá incluírse no Rexistro de produción e xestión de residuos e no arquivo cronolóxico, establecidos nos artigos 39 e 40.

A información contida no Rexistro de produción e xestión e mais nos arquivos cronolóxicos permanecerá á disposición das autoridades competentes para efectos de inspección e control.

Disposición adicional sétima. *Coordinación de garantías financeiras.*

Os suxeitos obrigados a subscribir garantías financeiras conforme esta lei que estiveren así mesmo obrigados a subscribir garantías consonte outras normas cunha cobertura total ou parcialmente coincidente, poderán subscribir estas nun único instrumento, sempre que se garanta a cobertura de todos os aspectos que deben incluírse nelas.

As garantías financeiras previstas nesta lei que cubran a restauración ambiental, no que se refire a este aspecto, calcularanse conforme as previsións da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e o Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

Disposición adicional oitava. *Adecuación da normativa a esta lei.*

No prazo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei adaptaranse ás previsións contidas nela as disposicións de desenvolvemento en materia de residuos.

Disposición adicional novena. *Tramitación electrónica.*

1. A tramitación dos procedementos administrativos e das obrigas de información previstas nesta lei deberase levar a cabo por vía electrónica cando fose habilitada para tal efecto polas administracións públicas.

2. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para garantir a interoperatividade dos distintos sistemas, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Disposición adicional décima. *Sobre compensación de emisión de gases de efecto invernadoiro no sector de residuos.*

No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e aos entes locais, remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei no que se establezan sistemas de compensación e intercambio de cotas de emisión de gases de efecto invernadoiro asociadas ao sector residuos entre administracións. O teito global de emisións asociado a estas cotas deberá ser coherente cos compromisos de redución de emisións asumidos por España.

Disposición adicional décimo primeira. *Grupo de traballo da Comisión de coordinación en materia de residuos.*

Crearase un grupo de traballo especializado, no seo da Comisión de coordinación en materia de residuos, para analizar a introdución xeneralizada e gradual, na cadea de distribución comercial, de envases e embalaxes fabricados con materias primas sustentables, renovables e biodegradables, considerando os seus diferentes impactos ambientais e económicos.

Disposición adicional décimo segunda. *Cooperación técnica e colaboración entre a Administración e a iniciativa privada.*

O Goberno promoverá no marco da Comisión de coordinación en materia de residuos, respectando as competencias das comunidades autónomas, a cooperación técnica e de colaboración necesaria entre a Administración e a iniciativa privada, incluídas as entidades sen ánimo de lucro, en materia de prevención e xestión de residuos, e impulsará, de acordo coas outras administracións, as medidas oportunas para estender o sistema de certificación forestal.

Disposición adicional décimo terceira. *Centro de investigación sobre a prevención e xestión de residuos.*

O Goberno impulsará a creación dun centro de investigación sobre a prevención e xestión de residuos no cal participarán as administracións públicas, as empresas e o mundo científico, recoñecendo o papel estratéxico do sector dos residuos e co obxectivo de facilitar o desenvolvemento das solucións con maior valor para a sociedade en cada momento.

Disposición adicional décimo cuarta.

No establecemento das medidas económicas, financeiras e fiscais que as autoridades competentes establezan para fomentar a prevención da xeración de residuos, mellorar a súa xestión, fortalecer os mercados da reciclaxe e incrementar a contribución do sector dos residuos á loita contra o cambio climático, teranse en conta as peculiaridades das pequenas e medianas empresas.

Disposición adicional décimo quinta. *Validación de actuacións realizadas ao abeiro do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro.*

1. Valídanse todas as obras e actuacións relativas á ordenación dos recursos hídricos nas bacías do Guadiana, Guadalquivir e Ebro, derivadas da execución do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, declarado nulo por sentenza do Tribunal Supremo do 24 de novembro de 2009.

Tales actuacións terán a consideración de emerxencia para os efectos previstos no artigo 97 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

2. De conformidade co disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, as actuacións aprobadas ao abeiro do Real decreto 1419/2005, do 25 de novembro, cuxo réxime xurídico se valida pola presente disposición, levan implícita a declaración de utilidade pública, para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación.

Disposición transitoria primeira. *Subprodutos.*

Mentres non se poñan en marcha os mecanismos previstos no artigo 4.2 desta lei en relación cos subprodutos, continuaranse aplicando os procedementos administrativos que estivesen ata o momento vixentes na materia.

Disposición transitoria segunda. *Ordenanzas de entidades locais.*

As entidades locais aprobarán as ordenanzas previstas no artigo 12.5. desta lei no prazo de 2 anos desde a entrada en vigor desta lei. En ausencia delas aplicaranse as normas que aproben as comunidades autónomas.

Disposición transitoria terceira. *Contratos en vigor das entidades locais para a xestión de residuos comerciais.*

Os contratos en vigor das entidades locais para a xestión de residuos comerciais continuarán despregando os seus efectos no prazo que teñan previsto. No momento da súa renovación aplicarase o réxime xurídico que derive desta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación ao novo réxime de responsabilidade ampliada do produtor.*

1. Os sistemas integrados de xestión de residuos existentes no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse polo previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e as normas reguladoras de cada fluxo de residuos. Non obstante, os ditos sistemas adaptaranse ao establecido nesta lei no prazo dun ano desde que entren en vigor as normas que adapten as citadas disposicións reguladoras.

2. Aqueles sistemas de responsabilidade ampliada cuxa solicitude de autorización fose presentada antes da entrada en vigor desta lei quedan sometidos ao réxime xurídico previsto no número anterior.

Disposición transitoria quinta. *Garantías financeiras.*

Mentres non se estableza o réxime xurídico das garantías financeiras previstas nesta lei serán de aplicación as disposicións vixentes na materia.

Disposición transitoria sexta. *Comisión de coordinación en materia de residuos.*

A Comisión de coordinación en materia de residuos constituirase no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei. Mentres non entre en funcionamento esta Comisión, as competencias que lle atribúe esta lei serán exercidas polos órganos que ata o momento as tiñan atribuídas.

Disposición transitoria sétima. *Rexistro de produción e xestión de residuos.*

O funcionamento do Rexistro de produción e xestión de residuos basearase nun convenio de colaboración entre as administracións competentes mentres non se dite o regulamento de desenvolvemento do dito Rexistro.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio das autorizacións e comunicacións.*

As comunidades autónomas adaptarán ao establecido nesta lei as autorizacións e comunicacións das instalacións e actividades xa existentes, ou as solicitudes e comunicacións que se presentasen antes da data de entrada en vigor da lei, no prazo dun ano desde esa data.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei, e en particular:

1. A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
2. O capítulo VII sobre réxime sancionador e a disposición adicional quinta da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. Os restantes preceptos, no que non se opoñan a esta lei, permanecen vixentes con rango regulamentario.

As funcións realizadas pola Comisión mixta prevista na citada disposición adicional quinta serán asumidas pola Comisión de coordinación en materia de residuos.

3. A Orde MAM/2192/2005, do 27 de xuño, pola que se regulan as bases para a concesión de subvencións para financiar o transporte á península, ou entre illas, dos residuos xerados nas Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei ten o carácter de lexislación básica de protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, con excepción dos seguintes artigos:

a) Os artigos 12.5, 14.3, a disposición transitoria segunda e a disposición transitoria terceira, teñen o carácter de lexislación sobre bases do réxime xurídico das administracións públicas, de acordo co artigo 149.1.18.^a, da Constitución.

b) Os artigos 12.3.b), 26 e 46 números 2.j), 3.g) e 3.h), no que respecta ao traslado de residuos desde ou cara a países terceiros non membros da Unión Europea, teñen o carácter de lexislación sobre comercio exterior, competencia exclusiva do Estado, de acordo co artigo 149.1.10.^a da Constitución.

c) Os artigos 17.7, 20.4. b) e c), 23.2, 32.5.d), dítanse ao abeiro do artigo 149.1.11.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases da ordenación dos seguros.

d) Os artigos 33.2, inciso final, e o 34.3 no que se refire á inscrición de notas marxinais no Rexistro da Propiedade, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.8.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ordenación dos rexistros públicos.

2. No teñen carácter básico os artigos 35.2 e 49.2, que serán de aplicación á Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Facúltase o Goberno da Nación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei e, en particular, para:

- a) Desenvolver regulamentariamente a Comisión de coordinación en materia de residuos prevista no artigo 13 e o Rexistro de produción e xestión de residuos a que se refire o artigo 39.
- b) Desenvolver regulamentariamente as garantías financeiras previstas nesta lei.
- c) Establecer normas para os diferentes tipos de residuos, nas cales se fixarán disposicións particulares relativas á súa produción e xestión.
- d) Actualizar a contía das multas establecidas no artigo 47.

2. A actualización e modificación dos anexos desta lei levaranse a cabo mediante orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I**Operacións de eliminación**

- D 1 Depósito sobre o solo ou no seu interior (por exemplo, vertedura, etc.).
- D 2 Tratamento en medio terrestre (por exemplo, biodegradación de residuos líquidos ou lodos no solo, etc.).
- D 3 Inxección en profundidade (por exemplo, inxección de residuos bombeables en pozos, minas de sal ou fallas xeolóxicas naturais, etc.).
- D 4 Encoramento superficial (por exemplo, vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, estanques ou lagoas, etc.).
- D 5 Depósito controlado en lugares especialmente deseñados (por exemplo, colocación en celas estancas separadas, recubertas e illadas entre si e o ambiente).
- D 6 Vertedura no medio acuático, salvo no mar.
- D 7 Vertedura no mar, incluída a inserción no leito mariño.
- D 8 Tratamento biolóxico non especificado noutros puntos deste anexo que dea como resultado compostos ou mesturas que se eliminan mediante calquera das operacións numeradas de D 1 a D 12.
- D 9 Tratamento fisicoquímico non especificado noutro punto deste anexo e que dea como resultado compostos ou mesturas que se eliminan mediante un dos procedementos numerados de D 1 a D 12 (por exemplo, evaporación, secado, calcinación, etc.).
- D 10 Incineración en terra.
- D 11 Incineración no mar.*
- D 12 Almacenamento permanente (por exemplo, colocación de contedores nunha mina, etc.).
- D 13 Combinación ou mestura previa a calquera das operacións numeradas de D 1 a D 12.**
- D 14 Reenvasado previo a calquera das operacións numeradas de D 1 a D 13.
- D 15 Almacenamento en espera de calquera das operacións numeradas de D 1 a D 14 (excluído o almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo).***

* Esta operación está prohibida pola normativa da UE e polos convenios internacionais.

** Se non hai outro código D apropiado, poden quedar incluídas aquí as operacións iniciais previas á eliminación, incluída a transformación previa, tales como, entre outras, a clasificación, a trituración, a compactación, a peletización, o secado, a fragmentación, o acondicionamento ou a separación, previas a calquera das operacións numeradas de D 1 a D 12.

*** Almacenamento temporal significa almacenamento inicial previsto no artigo 3. letra ñ.

ANEXO II**Operacións de valorización**

- R 1 Utilización principal como combustible ou outro modo de producir enerxía.*
- R 2 Recuperación ou rexeneración de disolventes.
- R 3 Reciclaxe ou recuperación de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídos a compostaxe e outros procesos de transformación biolóxica).**
- R 4 Reciclaxe ou recuperación de metais e de compostos metálicos.
- R 5 Reciclaxe ou recuperación doutras materias inorgánicas.***
- R 6 Rexeneración de ácidos ou de bases.
- R 7 Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación.
- R 8 Valorización de compoñentes procedentes de catalizadores.
- R 9 Rexeneración ou outro novo emprego de aceites.
- R 10 Tratamento dos solos que produza un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica deles.
- R 11 Utilización de residuos obtidos a partir de calquera das operacións numeradas de R 1 a R 10.
- R 12 Intercambio de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas entre R 1 e R 11. Quedan aquí incluídas operacións previas á valorización incluído o

tratamento previo, operacións tales como a desmontaxe, a clasificación, a trituración, a compactación, a peletización, o secado, a fragmentación, o acondicionamento, o reenvasado, a separación, a combinación ou a mestura, previas a calquera das operacións enumeradas de R 1 a R 11.

R 13 Almacenamento de residuos en espera de calquera das operacións numeradas de R 1 a R 12 (excluído o almacenamento temporal, en espera de recollida, no lugar onde se produciu o residuo).****

* Inclúense aquí as instalacións de incineración destinadas ao tratamento de residuos domésticos só cando a súa eficiencia enerxética resulte igual ou superior a:

- 0,60 tratándose de instalacións en funcionamento e autorizadas conforme a lexislación comunitaria aplicable desde antes do 1 de xaneiro de 2009;
- 0,65 tratándose de instalacións autorizadas despois do 31 de decembro de 2008.

Aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Eficiencia enerxética} = [E_p - (E_f + E_i)] / [0,97 \times (E_w + E_f)]$$

Onde:

E_p é a enerxía anual producida como calor ou electricidade, que se calcula multiplicando a enerxía en forma de electricidade por 2,6 e a calor producida para usos comerciais por 1,1 (GJ/ano).

E_f é a achega anual de enerxía ao sistema a partir dos combustibles que contribúen á produción de vapor (GJ/ano).

E_w é a enerxía anual contida nos residuos tratados, calculada utilizando o poder calorífico neto dos residuos (GJ/ano).

E_i é a enerxía anual importada excluíndo E_w e E_f (GJ/ano).

0,97 é un factor que representa as perdas de enerxía debidas ás cinzas de fondo e a radiación.

Esta fórmula aplicarase de conformidade co documento de referencia sobre as mellores técnicas dispoñibles para a incineración de residuos.

* Isto inclúe a gasificación e a pirólise que utilizan os compoñentes como elementos químicos.

*** Isto inclúe a limpeza do solo que teña como resultado a valorización do solo e a reciclaxe de materiais de construción inorgánicos.

**** Almacenamento temporal significa almacenamento inicial previsto no artigo 3, letra ñ).

ANEXO III

Características dos residuos que permiten cualificalos como perigosos

H 1 «Explosivo»: aplícase ás substancias e aos preparados que poden estourar baixo o efecto da chama ou que son máis sensibles aos choques ou as friccións que o dinitrobenceno.

H 2 «Oxidante»: aplícase ás substancias e aos preparados que presentan reaccións altamente exotérmicas ao entraren en contacto con outras substancias, en particular substancias inflamables.

H 3-A «Facilmente inflamable» aplícase:

- Ás substancias e aos preparados líquidos que teñen un punto de inflamación inferior a 21 °C (incluídos os líquidos extremadamente inflamables).

- Ás substancias e aos preparados que poden quentarse e finalmente inflamarse en contacto co aire a temperatura ambiente sen achega de enerxía.

- Ás substancias e aos preparados sólidos que poden inflamarse facilmente tras un breve contacto cunha fonte de ignición e que continúan ardendo ou consumíndose despois do afastamento da fonte de ignición.

- Ás substancias e aos preparados gasosos que son inflamables no aire a presión normal.

- Ás substancias e aos preparados que, en contacto coa auga ou o aire húmido, desprenden gases facilmente inflamables en cantidades perigosas.

H 3-B «Inflamable»: aplícase ás substancias e aos preparados líquidos que teñen un punto de inflamación superior ou igual a 21 °C e inferior ou igual a 55 °C.

H 4 «Irritante»: aplícase ás substancias e aos preparados non corrosivos que poden causar unha reacción inflamatoria por contacto inmediato, prolongado ou repetido coa pel ou as mucosas.

H 5 «Nocivo»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poden entrañar riscos de gravidade limitada para a saúde.

H 6 «Tóxico»: aplícase ás substancias e aos preparados (incluídos as substancias e os preparados moi tóxicos) que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poden entrañar riscos graves, agudos ou crónicos e incluso a morte.

H 7 «Canceríxeno»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poden producir cancro ou aumentar a súa frecuencia.

H 8 «Corrosivo»: aplícase ás substancias e aos preparados que poden destruír tecidos vivos ao entraren en contacto con eles.

H 9 «Infeccioso»: aplícase ás substancias e aos preparados que conteñen microorganismos viables, ou as súas toxinas, dos que se sabe ou existen razóns fundadas para crer que causan enfermidades no ser humano ou noutros organismos vivos.

H 10 «Tóxico para a reprodución»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poden producir malformacións conxénitas non hereditarias ou aumentar a súa frecuencia.

H 11 «Mutaxénico»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poden producir defectos xenéticos hereditarios ou aumentar a súa frecuencia.

H 12 Residuos que emiten gases tóxicos ou moi tóxicos ao entraren en contacto co aire, coa auga ou cun ácido.

H 13* «Sensibilizante»: aplícase ás substancias e aos preparados que, por inhalación ou penetración cutánea, poden ocasionar unha reacción de hipersensibilización, de forma que unha exposición posterior a esa substancia ou preparado dea lugar a efectos nocivos característicos.

H 14 «Ecotóxico»: aplícase aos residuos que presentan ou poden presentar riscos inmediatos ou diferidos para un ou máis compartimentos do ambiente.

H 15 Residuos susceptibles, despois da súa eliminación, de dar lugar a outra substancia por un medio calquera, por exemplo, un lixiviado que posúe algunha das características antes enumeradas.

* Na medida en que se dispoña de métodos de ensaio.

Notas:

1. As características de perigosidade «tóxico» (e «moi tóxico»), «nocivo», «corrosivo», «irritante», «canceríxeno», «tóxico para a reprodución», «mutaxénico» e «ecotóxico» asígnanse de acordo cos criterios establecidos no anexo VI da Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas (1), vixente ata o 1 de decembro de 2010, e de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, cuxa entrada en vigor se fixe nos seus artigos 61 e 62.

2. Cando proceda, aplicaranse os valores límite establecidos nos anexos II e III da Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á clasificación, o envasado e a etiquetaxe de preparados perigosos (2), vixente ata o 1 de decembro de 2015, e de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do 16 de decembro de 2008, cuxa entrada en vigor se fixa nos seus artigos 61 e 62.

Métodos de ensaio:

Os métodos que deberán aplicarse descríbense no anexo V da Directiva 67/548/CEE, suprimido pola Directiva 2006/121/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, pola que se modifica a Directiva 67/548/CEE do Consello, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas, para adaptala ao Regulamento (CE) n.º 1907/2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), e polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos con efecto a partir do 1 de xuño de 2008 e incorporado no Regulamento (CE) n.º 440/2008 da Comisión, do 30 de maio de 2008, polo que se establecen métodos de ensaio de acordo co Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH) e noutras notas pertinentes do CEN.

(1) DO 196 do 16.8.1967, p.1.

(2) DO L200 do 30.7.1999, p.1.

ANEXO IV

Exemplos de medidas de prevención de residuos recollidas no artigo 15*Medidas que poden afectar as condicións marco da xeración de residuos*

1. A aplicación de medidas de planificación ou outros instrumentos económicos que fomenten unha utilización eficiente dos recursos.
2. A promoción da investigación e o desenvolvemento destinados a obter tecnoloxías e produtos máis limpos e con menos residuos, así como a difusión e utilización dos resultados destes traballos de investigación e desenvolvemento.
3. A elaboración de indicadores significativos e efectivos das presións ambientais relacionadas coa xeración de residuos con miras a contribuír á prevención da xeración de residuos a todos os niveis, desde as comparacións de produtos a escala comunitaria ata as intervencións por parte das autoridades locais ou medidas de carácter nacional.

Medidas que poden afectar a fase de deseño, produción e distribución

4. A promoción do eco-deseño (a integración sistemática dos aspectos ambientais no deseño do produto co fin de mellorar o comportamento ambiental do produto ao longo de todo o seu ciclo de vida, e en particular a súa duración) e a certificación forestal.
5. A achega de información sobre as técnicas de prevención de residuos con miras a facilitar a aplicación das mellores técnicas dispoñibles pola industria.
6. A organización da formación das autoridades competentes no que se refire á inserción de requisitos de prevención de residuos nas autorizacións expedidas en virtude desta lei e da Lei 16/2002, do 1 de xullo.
7. A inclusión de medidas para evitar a produción de residuos nas instalacións ás que non se aplica a Lei 16/2002, do 1 de xullo. De ser o caso, estas medidas poderían incluír avaliacións ou plans de prevención de residuos.
8. A realización de campañas de sensibilización ou a achega de apoio de tipo económico, apoio á toma de decisións ou outros tipos de apoio ás empresas. Estas medidas teñen máis posibilidades de ser especialmente efectivas cando están destinadas e adaptadas a pequenas e medianas empresas, e se aplican a través de redes de empresas xa establecidas.
9. O recurso a acordos voluntarios, paneis de consumidores/produtores ou negociacións sectoriais con obxecto de que os sectores comerciais ou industriais correspondentes establezan os seus propios plans ou obxectivos de prevención de residuos, ou de que corrixan os produtos ou embalaxes que xeren residuos.
10. A promoción de sistemas de xestión ambiental acreditables, incluída as normas EMAS e ISO 14001.

Medidas que poden afectar a fase de consumo e uso

11. Medidas encamiñadas á substitución de produtos dun só uso cando existan produtos reutilizables alternativos.
12. Campañas de sensibilización e información dirixidas ao público en xeral ou a un grupo concreto de consumidores.
13. A promoción de etiquetas ecolóxicas e sistemas de certificación forestal acreditables.
14. Acordos coa industria, tales como o recurso a grupos de estudo sobre produtos como os constituídos no marco das políticas integradas de produtos, ou acordos cos retalistas sobre a dispoñibilidade de información acerca da prevención de residuos e de produtos con menor impacto ambiental.
15. Incorporación de criterios ambientais e de prevención da xeración de residuos nas compras do sector público e das empresas. En relación coas compras do sector público, os mencionados criterios poderán integrarse nos pregos ou documentación contractual de carácter complementario, como criterios de selección ou, de ser o caso, de

adxudicación, de acordo co Manual sobre a contratación pública con criterios ambientais publicado pola Comisión o 29 de outubro de 2004, e de conformidade coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

16. A promoción da reutilización de produtos ou preparación para a reutilización de produtos refugados, especialmente mediante medidas educativas, económicas, loxísticas ou doutro tipo, como o apoio aos centros e redes autorizados de recollida e reutilización, así como a promoción da súa creación, especialmente nas rexións con elevada densidade de poboación ou onde non existan tales centros e redes. Prestarase especial atención á promoción das entidades da economía social para a xestión dos centros.

17. Acordos co sector da hostalaría e a restauración, tales como o fomento da utilización de envases reutilizables, a integración de criterios ambientais e de prevención de residuos na contratación de materiais e servizos.

18. Medidas para a diminución do consumo de produtos envasados.

19. En relación coa xeración de residuos de alimentos, a inclusión de medidas encamiñadas a evitar o desperdicio de alimentos e fomentar o consumo responsable, tales como acordos cos comercios para minimizar os alimentos caducados, establecer pautas para consumidores, restauración e actividades con comedor para aproveitar os alimentos sobrantes, crear vías de aproveitamento de excedentes en bo estado a través de iniciativas sociais –comedores populares, bancos de alimentos, etc.

20. Promoción do uso responsable do papel, da desmaterialización da información e da reutilización de libros de texto e lectura.

21. Fomento do consumo de servizos ou bens inmateriais a través de campañas educativas e/ou acordos con entidades sociais e administracións municipais.

22. Fomento da venda e o consumo de alimentos frescos a granel para reducir a xeración de residuos de envases.

23. Fomento da utilización de envases e embalaxes fabricados con materias primas renovables, reciclables e biodegradables, como o papel, o cartón ondulado, o cartón compacto ou a madeira, procedentes de residuos.

24. Instrumentos económicos, como incentivos ás compras verdes ou a implantación dun pagamento obrigatorio a cargo dos consumidores por un artigo ou elemento determinado de envasado que normalmente se tería subministrado gratis.

ANEXO V

Contido dos plans autonómicos de xestión de residuos

1. Contido mínimo dos plans:

a) O tipo, cantidade e fonte dos residuos xerados dentro do territorio, os que se preveza que van transportar desde e cara a outros Estados membros, e cando sexa posible desde e cara a outras comunidades autónomas e unha avaliación da evolución futura dos fluxos de residuos.

b) Sistemas existentes de recollida de residuos e principais instalacións de eliminación e valorización, incluída calquera medida especial para aceites usados, residuos perigosos ou fluxos de residuos obxecto de lexislación específica.

c) Unha avaliación da necesidade de novos sistemas de recollida, o peche das instalacións existentes de residuos, instalacións adicionais de tratamento de residuos e dos investimentos correspondentes.

d) Información sobre os criterios de instalación para a identificación da localización e sobre a capacidade das futuras instalacións de eliminación ou as principais instalacións de valorización.

e) Políticas de xestión de residuos, incluídas as tecnoloxías e os métodos de xestión de residuos previstos, e a identificación dos residuos que presentan problemas de xestión específicos.

2. Outros elementos:

- a) Os aspectos organizativos relacionados coa xestión de residuos, incluída unha descrición da repartición de responsabilidades entre os operadores públicos e privados que se ocupan da xestión de residuos.
- b) Campañas de sensibilización e información dirixidas ao público en xeral ou a un grupo concreto de consumidores.
- c) Os lugares historicamente contaminados por eliminación de residuos e as medidas para a súa rehabilitación.

ANEXO VI

Contido da solicitude de autorización das actividades de tratamento de residuos

1. Contido da solicitude de autorización das instalacións de tratamento de residuos:
 - a) Identificación da persoa física ou xurídica propietaria da instalación.
 - b) Localización das instalacións onde se levarán a cabo as operacións de tratamento de residuos, identificadas mediante coordenadas xeográficas.
 - c) Presentación do proxecto da instalación cunha descrición detallada das instalacións, das súas características técnicas e de calquera outro tipo aplicables á instalación ou ao lugar onde se van levar a cabo as operacións de tratamento.
 - d) Tipos e cantidades de residuos que poidan tratarse identificados mediante os códigos LER e, se é necesario, para cada tipo de operación.
 - e) As instalacións non incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, deberán presentar, xunto coa solicitude de autorización, o estudo de impacto ambiental cando así o exixa a normativa estatal ou autonómica sobre declaración de impacto ambiental.
2. Contido da solicitude de autorización das persoas físicas ou xurídicas que realizan operacións de tratamento de residuos:
 - a) Identificación da persoa física ou xurídica que solicita levar a cabo a actividade de tratamento de residuos.
 - b) Descrición detallada das actividades de tratamento de residuos que pretende realizar con inclusión dos tipos de operacións previstas a realizar, incluíndo a codificación establecida nos anexos I e II desta lei.
 - c) Métodos que se utilizarán para cada tipo de operación de tratamento, as medidas de seguridade e precaución e as operacións de supervisión e control previstas.
 - d) Capacidade técnica para realizar as operacións de tratamento previstas na instalación.
 - e) Documentación acreditativa do seguro ou fianza exigible.

ANEXO VII

Contido da autorización de tratamento de residuos

1. Contido da autorización das instalacións onde se realicen operacións de tratamento de residuos:
 - a) Identificación da persoa física ou xurídica propietaria da instalación e número de identificación, cando proceda.
 - b) Localización das instalacións onde se levarán a cabo as operacións de tratamento de residuos, identificadas mediante coordenadas xeográficas.
 - c) Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento se autoriza, identificados mediante os códigos LER.
 - d) Operacións de tratamento autorizadas identificadas segundo os códigos recollidos nos anexos I e II.

- e) Capacidade máxima de tratamento de residuos de cada operación que se leva a cabo na instalación.
- f) Disposicións que poidan ser necesarias relativas ao peche e ao mantemento posterior das instalacións.
- g) Data da autorización e prazo de vixencia.
- h) Outros requisitos relativos á instalación de tratamento de residuos, entre eles, as garantías financeiras que sexan exixibles de acordo coa normativa de residuos.

2. Contido da autorización das persoas físicas ou xurídicas para a realización de operacións de tratamento de residuos:

- a) Identificación da persoa física ou xurídica autorizada para levar a cabo a actividade de tratamento de residuos, incluído domicilio e CIF ou NIF segundo proceda.
- b) Tipos e cantidades de residuos cuxa operación de tratamento se autoriza, identificados mediante os códigos LER.
- c) Operacións de tratamento autorizadas, identificadas segundo os códigos recollidos nos anexos I e II.
- d) Data da autorización e prazo de vixencia.
- e) Número de identificación, cando proceda.
- f) Outros requisitos exixidos, entre eles, as garantías financeiras que sexan exixibles de acordo coa normativa de residuos.

ANEXO VIII

Contido da comunicación dos produtores e xestores de residuos

1. Contido das comunicacións das industrias ou actividades produtoras de residuos:

- a) Datos de identificación da empresa e do seu representante legal, incluído o NIF da empresa.
- b) Datos de identificación do centro produtor, incluído o código de actividades económicas (CNAE).
- c) Cantidade estimada de residuos que se ten previsto producir anualmente.
- d) Residuos producidos en cada proceso caracterizados segundo o anexo III desta lei e identificados segundo o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- e) As condicións de almacenamento no lugar de produción.
- f) As operacións de tratamento previstas para residuos. No caso dos residuos perigosos, deberán incluír ademais o documento de aceptación por parte do xestor que vai levar a cabo o tratamento ou, de ser o caso, declaración responsable da empresa na cal faga constar o seu compromiso de entregar os residuos a un xestor autorizado.
- g) Calquera outro dato de identificación necesario para a presentación electrónica da comunicación.

2. Contido das comunicacións das empresas que transportan residuos con carácter profesional:

- a) Datos de identificación da empresa e do seu representante legal, incluído CIF e CNAE.
- b) Contido da autorización de que dispoña en virtude da lexislación vixente en materia de transporte de mercadorías.
- c) Residuos que se van transportar e identificados segundo o anexo 1 da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- d) Calquera outro dato de identificación necesario para a presentación electrónica da comunicación.

3. Contido das comunicacións das empresas que recollen residuos con carácter profesional:

- a) Datos de identificación da empresa e do seu representante legal, incluído CIF e CNAE.
- b) Residuos que se recollen, identificados segundo o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro.

4. Contido das comunicacións que deben presentar os negociantes e axentes:

- a) Datos de identificación da empresa e do seu representante legal, domicilio e incluído NIF ou CIF segundo proceda.
- b) Descrición das actividades que van realizar.
- c) Residuos identificados segundo o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro.

5. Na presentación da comunicación achegarase a documentación acreditativa da subscripción das garantías financeiras exixibles conforme as normas aplicables.

ANEXO IX

Contido mínimo da comunicación dos sistemas individuais de responsabilidade ampliada

1. Datos de identificación do produtor: domicilio e NIF. Indicación de se este é fabricante, importador ou adquirente intracomunitario.
2. Identificación (tipo e peso) que produce postos no mercado anualmente e unha estimación en peso dos residuos que prevén xerar identificados segundo código LER.
3. Descrición da organización do sistema de reutilización de produtos, se procede, incluíndo os puntos de recollida.
4. Descrición do sistema de organización da xestión de residuos, incluíndo os puntos de recollida (porcentaxes previstas de preparación para a reutilización, reciclaxe ou outras formas de valorización e eliminación).
5. Identificación dos xestores, con indicación das operacións de xestión que leven a cabo.
6. Copia da garantía financeira subscrita, se procede.
7. Copia dos contratos subscritos e dos acordos formalizados para a xestión dos residuos.
8. Forma de financiamento das actividades.
9. Ámbito territorial de actuación.
10. Procedemento de recollida de datos e de subministración de información ás administracións públicas.

ANEXO X

Contido mínimo da solicitude de autorización dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada

1. Identificación, forma xurídica, domicilio do sistema, descrición do seu funcionamento, descrición dos produtos e residuos sobre os cales actúa, así como da zona xeográfica de actuación, identificación dos membros, criterios para a incorporación de novos membros e descrición das condicións da súa incorporación.
2. Descrición das medidas para o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada do produtor do produto, conforme o establecido nas regulacións específicas.

3. Identificación, de ser o caso, da entidade administradora así como as relacións xurídicas e vínculos que se establezan entre esta entidade e o sistema colectivo de responsabilidade ampliada e os que o integren.

4. Relacións xurídicas e vínculos ou acordos que se establezan coas administracións públicas, de ser o caso, entidades ou empresas coas cales acorden ou contraten para a xestión dos residuos en cumprimento das obrigas que se lles atribúan ou con outros axentes económicos.

5. Descrición do financiamento do sistema: estimación de ingresos e gastos. Cando a xestión dos residuos supoña un custo adicional para os produtores e, de ser o caso, para os distribuidores, indicación dos métodos de cálculo e de avaliación do importe da cota que cubra o custo total do cumprimento das obrigas que asume o sistema, garantindo que esta servirá para financiar a xestión prevista. Tamén se indicará, de ser o caso, o custo que se repercute no produto. Esta cota, cando proceda, presentarase desagregada por materiais, tipos ou categorías. Así mesmo, especificarase o modo da súa recadación. As condicións e modalidades de revisión das cotas en función da evolución do cumprimento das obrigas asumidas.

6. De ser o caso, proposta dos criterios de financiamento aos sistemas públicos.

7. Procedemento de recollida de datos e de subministración de información ás administracións públicas.

8. Previsión de cantidades de residuos (kg e unidades) que se prevé recoller.

9. Porcentaxes previstas de preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización cos seus correspondentes prazos e mecanismos de seguimento, control de funcionamento e verificación do grao de cumprimento.

ANEXO XI

Obrigas de información en materia de solos contaminados

1. Contido da declaración de solo contaminado:

a) Datos xerais. Identificación do solo contaminado: denominación do lugar, enderezo, municipio, referencia catastral, datos rexistrados e uso do lugar.

b) Datos específicos do solo contaminado: causantes da contaminación, posuidores do solo contaminado, propietarios do solo contaminado, superficie afectada, actividades contaminantes que se desenvolvan ou se desenvolvesen sobre o terreo, contaminantes presentes e data da declaración de solo contaminado.

c) Datos específicos de recuperación ambiental: obrigados principal e subsidiarios a realizar as operacións de limpeza e recuperación, actuacións necesarias para proceder á súa limpeza, recuperación ou contención, prazos en que a descontaminación, limpeza ou recuperación se debe levar a cabo, custo do tratamento, custo e duración da fase de vixilancia e control, e calquera outra mención de interese que se estableza.

d) Baixa no inventario de solos contaminados: data de baixa como solo contaminado.

2. Obrigas de información en materia de contaminación de solos.

a) Información sobre a cantidade e evolución dos informes de situación, en aplicación do que regulamentariamente determine o Goberno.

b) Procedementos relacionados con solos contaminados: procedementos resoltos, actuacións de recuperación executadas, actuacións de recuperación en execución ou próximas a iniciarse e procedementos en tramitación.

c) Actuacións e investimentos realizados en materia de prevención da contaminación do solo: plan rexional de actuación, medidas de prevención, medidas de información ao público, actuacións complementarias ditadas en resolucións, estudos e guías metodolóxicas e investimentos e mecanismos de financiamento.

ANEXO XII

Obrigas de información das empresas de tratamento de residuos contidas
no artigo 41

Identificación da empresa:						
Operación de tratamento:						
Data:						
Entradas na instalación:			Saídas da instalación:			
Residuo (1)	Cantidade (2)	Orixe (4)	Residuos do tratamento / materiais (1)	Cantidade (2)	Destino (5)	
					Operación (3)	Empresa

- (1) Os residuos identificaranse segundo o anexo 1 da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro.
 (2) As cantidades expresaranse en toneladas.
 (3) As operacións de tratamento identificaranse mediante a codificación establecida nos anexos I e II desta lei.
 (4) Identificación da empresa ou entidade de onde proveñen os residuos.
 (5) Indicación do destino dos residuos do tratamento ou dos materiais, incluíndo a operación a que se destinan.